

FESTAS VILALBA

San Ramón e Santa María

Do 22 de agosto ao 7 de setembro



VIFRAUTO IVECO

REVISIÓN MULTIMARCA TACÓGRAFOS

KIENZLE

VEESER - ROOF TACÓGRAFOS




ANALÓGICOS



DIGITALES

SIEMENS VDO



TALLER AUTORIZADO ZF



VEHÍCULO INDUSTRIAL

TISVOL
Remolques y Semirremolques

AHORRA

EN EL CONSUMO DE TU VEHÍCULO

TRANSFORMA TU VEHÍCULO A AUTOGAS GLP CNG GNL

45% 25%
Reducción de consumo
hasta 15 años de garantía



Pol. Ind. Sete Pontes P-20 VILALBA - LUGO - Telf: 982 510 960

WWW.TALLERESVIFRAUTO.COM



PROGRAMA

Vilalba arranca os seus 17 días de festa

Regresan todas as actividades tradicionais, dando protagonismo á cultura e á programación infantil

O concello de Vilalba, vai quentando motores para a ce das Festas do San Ramón e Santa María do 2025, que se celebrarán a partir do 22 de agosto malia que, o XXXII Torneo San Ramón de tenis deu comezo o sábado 16. Como previa á festividade propiamente dita, ten lugar na Casa da Cultura, unha exposición de óleos de Pepe Lafuente, organizada polo Ilesha e aberto o día 1, que se poderá visitar ata o 3 de setembro. Desde o Goberno remarcaron o interese social das festas, que "significan moito para os vilalbeses e son punto de encontro dos veciños que viven fóra e regresan polas festas á localidade".



A Xira, primeiro a da mocidade e logo a dos maiores, abrirá o programa, que terá o seu punto álxido o 30 coa lectura do pregón

A XIRA

Na programación, plásmanse tres semanas de celebración que se inaugurarán coa tradicional xira campestre, á que seguirá a xira dos maiores poucos días despois, concretamente o mércores.

Neses días, haberá sesións vermú e verbenas amenizadas polas orquestras máis sonadas do panorama galego como é o caso de Límite, Los Key e grupo Da Silva no primeiro caso e o dúo Venus, que actuarán no día dos maiores por ser os máis solicitados polos homenaxeados. Destaca a IV sesión de djs locais, xa que serán eles os



que den inicio á xira campestre, o venres 22. David García, Cris Vázquez, Bris Trad e Decruz encargaranse de animar á toda a explanada da Madalena.

Tamén terá lugar, como cada ano, o Trofeo President, organizado polo Rácing Vilalbés, que volverá a xogar contra o Bergantiños o sábado pola tarde. O xoves 28, no Auditorio Municipal, acollerase a inauguración da exposición das pinturas de Pedro Cabarcos Quintela. Será a partir das 20.00 horas e poderá visitarse ata o día 4.

O moi esperado Día da Bicicleta, organizado pola Casa da Xuventude, será ao día seguinte (venres 29). Trátase dun arraigado evento que fomenta o deporte na rúa e a vida saudable, ademais de propiciar que a xente nova, os pequenos e os maiores compartan valores, actitudes, respecto e espírito de equipo. Logo de dedicarlle todo o día a este encontro deportivo, o gru-



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25-27 / Tfno.: 982 510 055
Fax: 982 511 503
VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



PROGRAMACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS • AGOSTO

20.30 h. Casa da Cultura
**EXPOSICIÓN RETROSPECTIVA,
ÓLEOS DE PEPE LAFUENTE**
Ata o mércores 3 de setembro

Estadio da Madalena
TROFEO PRESIDENT RÁCLING CLUB VILALBÉS-BERGANTIÑOS

13.30 h. Explanada da Madalena
SESIÓN VERMÚ CON LÍMITE E LOS KEY

22.30 h. Explanada da Madalena
VERBENA CON LÍMITE E LOS KEY

XIRA DOS NÓSOS MAIORES

12.30 h. Explanada da Madalena
MISA CANTADA POLA CORAL LUAR
SESIÓN VERMÚ CO DÚO VENUS
14.30 h. **XANTAR POPULAR**

19:30 h. Praza da Constitución
XXIX FESTA DA BICICLETA

Percorrido polas rúas de Vilalba

21.30 h. Praza da Constitución
**ACTUACIÓN DE MARIO COLOMÁN &
THE CLOCKS BAND**

22.00 h. Auditorio Municipal
CONCERTO DE A BANDA DA LOBA

DÍA DE SAN RAMÓN (DEDICADO AO TRAXE GALEGO)

A partir das 11.00 h.

**PASARRÚAS DA ASOCIACIÓN CULTURAL MATO
VIZOSO E ASOCIACIÓN CULTURAL DE ANDRADE**

12.00 h. Igrexa de Sta. María
MISA SOLEMNE NA HONRA DE SAN RAMÓN
CANTADA POLA CORAL LUAR.
Á SAÍDA, PROCESIÓN

14.00 h. Praza da Constitución
SESIÓN VERMÚ COA ORQUESTRA TRIUNFO

VENRES

1

22

VENRES

21.00 h. Explanada da Madalena
IV SESIÓN DE DJs LOCAIS



22, 23, 24 | **XIRA CAMPESTRE**

SÁBADO

23

24

DOMINGO

13.30 h. Explanada da Madalena
SESIÓN VERMÚ LONGA CO GRUPO DA SILVA



MÉRCORES

27

28

XOVES

20.00 h. Auditorio Municipal
**EXPOSICIÓN RETROSPECTIVA,
PINTURAS DE PEDRO CABARCOS QUINTELA**
Ata o sábado 4 de outubro



VENRES

29

30

SÁBADO

DÍA DO PREGÓN

19.00 h. Auditorio Municipal
**PREGÓN E GALA DO LI CERTAMEN LITERARIO
DE VILALBA**

Lectura do pregón por Yolanda e Inma Purriños
Actúan: Banda de Música de Vilalba + Minibanda,
Asoc. Cultural en Movemento, Lambe Lambe e
Shera&Sile. Presenta Xulio Xiz

22.00 h. Praza de Sta. María
ACTUACIÓN XOSÉ LOIS • ALIBORIA

23.30 h. Praza da Constitución
ACTUACIÓN MARCOS PEÓN, DJ FRISCO E DJ ZALO

DOMINGO

31

18.00 h. Estadio Roca
TROFEO MEMORIAL JORGE TATO

20.00 h. Rúa da Pravia
CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE VILALBA

22.30 h. Praza da Constitución
**VERBENA COAS ORQUESTRAS TRIUNFO
E NEW YORK**

Occident

María Sara Pérez Díaz

Asesor financiero

Agente de seguros exclusivo

Nº Reg. Mediador C046833302628P

- SEGUROS DE AUTOMOVILES, FURGONETAS, ETC. • PRESTAMOS HIPOTECARIOS
- SEGUROS DE VIDA • SEGUROS DE AHORRO • PROTECCIÓN JURÍDICA FAMILIAR Y EMPRESA
- HIPOTECA INVERSA • SEGUROS DE HOGAR Y COMUNIDAD • SEGUROS PARA SU NEGOCIO Y PYME
- SEGUROS DE DECESOS • CUENTAS DE AHORRO • SEGUROS DE MOTOS
- SEGUROS DE CAMIONES • PLANES DE PENSIONES • PLAN DE PREVISIÓN ASEGURADO
- SEGURO DE ACCIDENTES • SEGUROS EXPLOTACIONES AGRÍCOLAS...

**PAGA TUS SEGUROS MES A MES SIN RECARGOS CON
TU CUENTA ÚNICA REMUNERADA**

CONFIANZA, PROFESIONALIDAD Y CERCANÍA NOS AVALAN



Consúltenos sin compromiso

Le asesoramos en:

Rúa da Pravia 50 - Bajo.

27800 - VILALBA (Lugo)

Tfno.: 982 511 957

sperez@occident.com

www.occident.com/agente/saraperez



po Mario Colomán & The Clocks Band convidarán á veciñanza a desfrutar da súa actuación musical. Ás 22.00 horas, será a quenda de A Banda da Loba, que dará un concerto no Auditorio Municipal.

PREGÓN INAUGURAL

As celebracións oficiais darán comezo coa lectura do pregón, que estará a cargo das irmás Purriños, as fotógrafas Yolanda e Inma, ao mesmo tempo que se fará entrega do premio do Certame Literario. No acto, actuarán bandas tradicionais como a Banda de Música de Vilalba e a súa Minibanda, así como Shera&Sile, que xa estiveron o ano pasado. O certame é unha iniciativa que xa leva máis de cincuenta anos activa desde que Loly Soto a sacou adiante cando era concelleira, no ano 1971. Non se consolidou definitivamente ata o ano 1976 e, malia que no 1979 cesou no seu cargo a organizadora, as sucesivas corporacións municipais continuaron coa súa celebración. Pola noite, seguirá habendo música, neste caso, por parte de Xosé Lois&Aliboria, Marcos Peón, Dj Frisco e Dj Zalo. A fin de semana rematará

festexando a San Ramón, o domingo 31, día tamén dedicado ao traxe galego. Volverá a haber sesión vermú e verbena, Neste caso con Triunfo facendo dobrete e New York pola noite. Non faltarán os pasarrúas a partir das 11.00 horas, amenizados pola Asociación Cultural Mato Vizoso e a Asociación Cultural Andrade. O deporte tamén será protagonista ese día co Trofeo Memorial Jorge Tato, disputado polo equipo xuvenil Rácing Club Vilalbés. A última semana comezará co día dedicado a Santa María e rematará coa celebración do día da Feira e Día da Parroquia. Buxos Verdes da Chaira e Entre Lusco e Fusco serán os encargados dos pasarrúas o día da Patroa e Los Españoles e Panorama City completan o apartado musical. Seguirán os días infantís, os días 2 e 3 de agosto.

INFANTIL

Este ano haberá dous días de programación exclusiva infantil para que os máis pequenos tamén teñan a oportunidade de desfrutar das festas. Novamente un convenio firmado entre o Concello e Entrepinares servirá para sufragar estas actividades e lecer para os máis pequenos.

O primeiro día terá lugar tamén o concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona, na praza de Santa María e o segundo día serán as Simultáneas de Xadrez, que este ano chegan á súa XXXI edición que, malia que se celebran no Día Infantil, as partidas estarán abertas á participación do público en xeral. Desde a organización lembran, que se o tempo non o permitise, en lugar de ser na praza da Constitución, trasladaríanse ao Espazo Xove. Todo isto, a maiores da chea de actividades que haberá ámbolos dous días, como inchables, Shotter Gallery, Rokomonte ou Simuladores; na praza da Constitución tanto pola mañá como pola tarde. O mércores, incluírase a Festa da Escuma. Rematará o día co tan esperado concerto do artista Carlos Baute, a gran proposta musical deste ano. O xoves 4 acollerase na praza da Constitución unha foliada para animar as rúas con Noxo Me Das e Orquestra Bravú Xangai como protagonistas, ademais da proxección dunha das películas gañadoras dos premios do ciclo Mestre Mateo, concretamente +Cuñados, no Auditorio Municipal de Vilalba, outra das actividades organizadas polos

lescha. O día seguinte é a quenda para conmemorar o 25 aniversario do centro ocupacional de Vilalba. O sábado 6, o Auditorio Municipal acollerá o certame de bandas Pepe Guntín, outro dos clásicos das festas. A música da verbena correrá a cargo de La Nave e o grupo Arizona.

FIN DE FESTA

O último día estará dedicado á Feria e rematará cunha sesión vermú e logo habere un tardeo para clausurar as festas, xa que o luns será o día no que se inicie o curso escolar. Este ano, escolleuse San Xurxo de Rioaveso como parroquia homenaxeada e serán a Asociación Cultural Árdelle o Eixo e Cerna de Árbol os que se encarguen da recepción inicial. Na parte deportiva, o 6 será a Carreira Nocturna dentro do circuito de carreiras da Terra Chá. Esta iniciativa, organizada polo Club Atletismo Vilalba coa colaboración do Concello de Vilalba, chega á súa sétima edición. Tamén, o día da parroquia, aproveitase a oportunidade para disputar o Campionato de Liga, un duelo entre o equipo local, o Rácing Club Vilalbés, e o Alondras.

Haberá
dous días de
programación
especificamente
infantil,
subvencionada
por
Entrepinares

La Casilla, 12 Goiriz
27840 Vilalba (Lugo)
Tel. 982 511 252
www.restaurantemontero.com

RESTAURANTE
BANQUETES
BODAS
REUNIONES DE EMPRESA

montero

— Café —
ESTUDIANTE
— BAR —

Avenida de Lugo, 27 - VILALBA

O CARTEL

As festas do 2025 nunha única imaxe

Eduardo Pérez Baamonde, pintor, ilustrador e muralista vilalbés, é o autor do cartel do ano

Un dos primeiros anuncios das festas de San Ramón e Santa María foi o autor do cartel anunciador do evento. Nesta ocasión, a persoa elixida foi Eduardo Pérez Baamonde, un vilalbés, afincado en Cambados, que desenvolve unha meritoria traxectoria profesional como pintor, muralista e ilustrador; acumulando máis de 60 exposicións individuais da súa obra e acadando no ano 2018 o XXVII Premio Nacional de Pintura Antonio Arnau.

Tratouse dunha petición na que todos os membros da comisión estiveron de acordo buscando un vilalbés para explicar cunha imaxe o que son as patronais da vila. Falamos co autor.

Explíquenos como foi que acabou deseñando o cartel?
Foi a responsable da concellería de Cultura a que contactou comigo, pois coñecía a miña traxectoria artística e no 2024, a titular anterior dese departamento, encargoume unhas acuarelas para agasallar ao xurado do certame literario e ao pregoeiro. Xa daquela falamos da posibilidade de realizar o vindeiro cartel do San Ramón.

Que o que quere representar nel?
Ante todo quero resaltar o carácter festivo do evento e, polo tanto, tratar os motivos con desenfado



e cunha miguña de humor. Por iso aparece o Castelo bailando, a “O” de Ramón é un roscón e sobre a torre fixen unha moi merecida homenaxe á banda municipal que, amoreados os músicos, tocan como poden sen perder o equilibrio. Incluso un foguete atravesou o bombo e seguen amenizando a festa.

É o primeiro cartel que fai para as festas de Vilalba, pero non o primeiro que deseña, xa que ten moito traballo desenvolvido neste eido, non?
Si, é o primeiro. Fai anos houbo algún intento errado. Sempre me atraeu o formato cartel pola suma que implica de imaxe, texto, idea e impacto visual que debe





CONSTRUCCIONES CHOLO

- > OBRA PÚBLICA Y PRIVADA
- > CANTERAS
- > PLANTA AGLOMERADO ASFÁLTICO
- > GESTIÓN RCDS
- > TRANSPORTES
- > COWFORT: ARENA PARA CUBÍCULOS DE VACAS

Tel: 982 510 611 - VILALBA - cholosl@cholosl.com

provocar. É un reto moi estimulante e, tamén, moi esixente, que trae a miúdo un longo proceso de bosquejos e de ensaios que, ata dar co produto final, moitos deles rematan na papeleira.

Fálenos un pouco do seu traballo, cando comezou e canto tempo leva nisto?

Comecei a debuxar como feito expresivo e maneira de comprender o que nos rodea, xa dende moi pequeno. Despois desenvolvín a miña carreira como profesor de Debuxo no ensino e paralelamente practiquei a pintura rápida, o *sketching*, o deseño de carteis, logotipos, asistencia a feiras nacionais e internacionais, exposicións, etc.

Como combina as distintas especialidades nas que traballa?

Debuxar é unha actitude. Un xeito de pasar pola vida. Pode parecer unha esaxeración -claro está-, pero ata durmindo teño na cabeza un lapis e un papel. Acumúlanse no estudo moreas de cadernos cheos de debuxos. Sempre teño cerca algo para facer un apunte e, de non ser así, só vexo as rúas, as xentes e as paisaxes como posibles encadres.

De que traballos se sente máis

orgulloso?

O certo é que se estivera plenamente satisfeito con algún traballo, acabaría pisado pola autocomplacencia. Todos os días indago, proba, estudo e analizo para conseguir novas fórmulas expresivas. Ben, deixemos aparte o misticismo: creo que a fundación, xunto con Anabel Ramudo, de Almacén de Fábulas como proxecto editorial especializado na publicación de cadernos de acuarelas sobre Galiza é o legado máis importante que deixarei cando marche.

Cales son os seus obxectivos profesionais?

Ademais de seguir aprendendo para mellorar plasticamente, manter a enerxía suficiente e o ánimo ben afiado para seguir buscando interpretacións imaxinativas, participando en concursos de pintura rápida, viaxando e facendo acuarelas directas e, algo que cada vez me ocupa máis esforzo intelectual e tempo, realizar viñetas de humor gráfico que, en certo sentido, se converteron no meu manifesto ideolóxico.

Como é a súa vinculación con Vilalba e tamén coas súas festas? Como as vivía antes e como as vive agora?

Como imaxinarás a relación co



“Debuxar é unha actitude. Un xeito de pasar pola vida. Pode parecer unha esaxeración, pero ata durmindo teño na cabeza un lapis e un papel”

San Ramón non é a mesma con 15, con 24, con 47 ou con 63 anos. Para os que nos mantivemos venciados a Vilalba, aínda que non residamos habitualmente, chega o 31 de agosto e as lembranzas rebulen na memoria. Máis que unha implicación activa nas festas, á nosa idade son unhas datas que propician os encontros con vellos amigos e con outras moitas persoas coas que tivemos relación ao longo dos anos.

ESPECIALISTA EN INSTALACIÓN DE LINEAS DE VIDA Y PROTECCIÓN COLECTIVA

ProlaVi

LINEAS DE VIDA
ESCALERAS DE ACCESO
MALLAS PARA TRASLUCIDOS
BARANDILLAS
REDES DE SEGURIDAD

DISTRIBUIDORES AUTORIZADOS

IRU
DEK

Tracel

somain
SECURITE

gm

DELTA PLUS
Your safety at work

ROMBULL
ROVEL, CORRELORES Y MALLAS

P.I. SETE PONTES - RÚA CERDEIRA, P-31
27800 VILLALBA 982 512 184

ProlaVi.es

AV. CIUDAD DE LUGO 16 - BAIXO A
27800 VILLALBA 982 512 184

PREGOEIRAS

Dúas irmás para abrir xuntas as festas

As fotógrafas Yolanda e Inma Purriños serán as encargadas de ler o pregón inaugural o 30 de agosto pola tarde

Nesta edición das festas patronais, as pregoeiras serán as irmás Purriños, Yolanda e Inma, dúas destacadas fotógrafas vilalbesas que colleitan importantes éxitos na súa carreira profesional; sumando numerosos recoñecementos nas cualificacións anuais da Federación Española de Profesionais da Fotografía e a Imaxe, así como varias nominacións aos Premios Goya. Por primeira vez, serán dúas irmás as encargadas de inaugurar as festas, acto que terá lugar o día 30 de agosto a partir das 19.00 horas. As protagonistas da presentación, Yolanda, Inma e Eduardo, amosaron o seu agradecemento e sentimento de honra por formar parte da presente edición das festas de San Ramón e Santa María de Vilalba, cun papel tan destacado como o seu.

Dende o Concello de Vilalba puxeron en valor a súa traxectoria e “o orgullo que supón para nós que dúas veciñas vilalbesas, referentes no seu ámbito profesional e cun forte lazo con Vilalba, se convertan nos protagonistas das nosas festas patronais” asegurou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Pola súa banda, a concelleira de cultura, Mónica González tamén se amosou “moi agradecida polas facilidades que tanto as irmás Purriños, Yolanda e Inma me brindaron para que esta proposta saíra adiante”.

As dúas fotógrafas tamén quixeron contarnos un pouco o que supón esta experiencia para elas.



Como recibiron a noticia de que foron escollidas para ser pregoeiras das festas?

A verdade é que cando Mónica nos dixo a noticia foi unha grata sorpresa. Non o esperabamos pero nos fixo moita ilusión. En especial polos nosos pais.

Teñen unha gran vinculación coa cidade e a súa actividade?

Os nosos pais son de parroquias próximas, eles viñeron para Vilalba fai 51 anos, dende aquela que abriron o seu negocio aquí, toda a nosa vida transcorre neste pobo.

Poden adiantarnos un pouco do que van falar no pregón?

Os pregóns sempre son lembranzas e vivencias dos pregoeiros, nós esperamos desvelalas no pregón (risas).

Que lembranzas gardan das festas

e da súa evolución ao longo dos anos?

O que nunca cambia é que te reencontras con moita xente, que non está en todo o ano, e que nestas datas pasa por Vilalba. O olor característico que desprenden as árbores cando se pasa por diante da Casa da Cultura e o cheiro da churrería á volta da esquina.

Son dúas irmás que a súa vida vai parella a todos os niveis. Como se forxou esa conexión?

Sempre tivemos moita comunicación, sempre pensamos na outra, antes que nunha mesma, axudámonos todo o que podemos. É máis bonito o camiño acompañadas que soas.

Como se inclinaron pola fotografía?

Os nosos pais sempre nos ensinaron dende pequenas, sen pre-

sionar, era como un xogo, sempre nos deixaron usar as cámaras ou as luces do estudio, gustábanos moito acompañalos ós reportaxes que eles ían. O final é unha paixón, é un traballo e unha afección.

Por que escolleron Vilalba? Nunca quixeron probar noutros lugares?

Nós temos estudos en Vilalba e en Lugo capital. Xa os nosos pais tiñan os dous antes de comezar nós coa fotografía. Así que seguimos os seus pasos, a verdade é que ser a segunda xeración axuda moito.

Que lles queda por facer? Cal vai ser o próximo obxectivo?

Sempre quedan moitas cousas por facer, e oxalá nos queden durante moitos anos, o máis importante é non estar nunca conforme, sempre ter ilusión e ganas. Pero temos bo mestre en iso, xa que o noso pai é incansable.

p> clínica dental
Pilar Vázquez

982 88 77 68

- Limpieza con GBT Machine®
- Ortodoncia invisible
- Odontopediatría mínimamente invasiva
- Blanqueamiento "en una cita dientes más blancos"
- Implantes
- Endodoncia
- CBCT (Tac dental)

Clinica dental
Pilar Vázquez
Nº Rexistro: C-27-000799

Avda. Terra Chá 190, baixo
27800 Vilalba
Lugo

TEXAS

— MODA JOVEN —

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

Texas Moda Joven

CONTRA A VIOLENCIA

As festas contarán cun punto violeta

Estará situado nunha das marxes da explanada da Madalena o venres e sábado a partir das 23.00 horas

A alcaldesa de Vilalba e concelleira de Igualdade, Marta Rouco, foi a encargada de anunciar a posta en marcha dun punto violeta na Xira Campestre da Madalena, unha iniciativa destinada a promover a sensibilización e a prevención fronte á violencia sexual.

Que é un punto violeta?

Os puntos violetas son espazos de información, acompañamento e apoio ás vítimas de acoso, agresións ou violencia sexual. Pretenden ofrecer un lugar seguro no que recibir axuda inmediata, orientación e activar os protocolos necesarios en caso de ser preciso. Ao mesmo tempo, funcionan como puntos de referencia para

sensibilizar á cidadanía e promover unhas festas libres de violencia machista.

O servizo funcionará o venres 22 de agosto, de 23:00 a 3:00 horas, e o sábado 23, de 22:00 a 4:00 horas, situándose nunha das marxes da explanada da Madalena, do mesmo xeito que en edicións anteriores.

O punto violeta estará atendido por profesionais especializados en violencia de xénero e violencia sexual, que ofrecerán información, asesoramento e acompañamento ás persoas que o soliciten. Ademais do material divulgativo, repartiranse agasallos co obxectivo de fomentar a participación



e reforzar a mensaxe contra a violencia sexual.

A iniciativa contará tamén cun espazo seguro ao que poderán acudir aquelas persoas que desexen comunicar posibles agresións sexistas, activando o protocolo establecido nestes casos.

A rexedora vilalbesa destacou que

“en Vilalba queremos que as nosas festas sexan un espazo seguro para todas e todos. O punto violeta permite que quen o precise poida recibir información, apoio e denunciar situacións de acoso ou violencia sexual. É unha ferramenta fundamental para reforzar a prevención e a concienciación na

nosa comunidade”.

Rouco subliñou, así mesmo, que “este tipo de accións forman parte do compromiso do Concello para garantir unhas festas seguras e inclusivas, promovendo a participación activa da cidadanía na prevención da violencia de xénero e sexual”.



ENTREVISTA Á ALCALDESA

Marta Rouco fai unha análise do contido festivo

“Apostamos por un programa diverso con actividades que poñen en valor a nosa identidade e fomentan a participación da veciñanza”

Na nosa vila temos a sorte de contar cun tecido cultural e artístico moi importante e as festas son unha oportunidade magnífica para amosar o talento que temos

Cóntenos como van ser este ano as festas.
Nas festas deste ano apostamos por un programa diverso, pensado para todos os públicos, con actividades culturais, musicais e tradicionais que poñen en valor a nosa identidade e fomentan a participación do conxunto da veciñanza. Queremos que todo o mundo atope o seu espazo nas festas e poida gozar delas ao máximo.

Temos novidades con respecto ao ano pasado?
Si, cada ano procuramos introducir algunha novidade no programa. Este ano teremos tres semanas case de festa e aínda que se mantén a esencia dos días principais, destacaría que nesta edición contamos cun concerto dun artista internacional como é Carlos Baute.

Como se escolleu ao autor do cartel?
Pois para ser honesta foi unha proposta da Concelleira de Cultura, que me parece moi acaída. Eduardo é da casa, vilalbés, e xa que contamos cun ilustrador e pintor desta calidade en Vilalba, quen mellor ca el para facer este cartel. Creo que sempre é importante darlle visibilidade aos nosos creadores e creadoras, aínda que no caso de Eduardo é xa un autor moi recoñecido tanto dentro como fóra da súa terra, porque así tamén facemos

que Vilalba se vexa e se valore a través deles.

Cóntase cos artistas locais para as festas?
Por suposto. Na nosa vila temos a sorte de contar cun tecido cultural e artístico moi importante. Ao longo do ano colaboramos con eles sempre que é posible, pero as festas son unha oportunidade magnífica para amosar o talento que temos na nosa vila.

Se traballa todo o ano para compoñer o programa das festas?
Dicía antes que temos case tres semanas de festas e de programación, e obviamente hai moito traballo detrás para poder pechar o programa e, sobre todo, para que todo vaia segundo o previsto e a veciñanza e visitantes teñan todo listo para gozar un ano máis das nosas patronais. Cando rematan as festas dun ano xa se empeza a pensar nas do seguinte.

Como se chegou a escoller estas pregoeiras?
Tradicionalmente os pregoeiros e pregoeiras foron, case sempre, vilalbeses ou vilalbesas que pola súa traxectoria profesional estaban residindo fóra de Vilalba e este ano quixemos poñer en valor a traxectoria de dúas mulleres vilalbesas, moi coñecidas e moi destacadas no eido profesional, que viven e fan comunidade aquí. Queremos que o pregón sexa un momento emotivo e representativo, e nesta ocasión decidimos apostar por dúas veciñas que levan Vilalba por bandeira.

Que significado teñen as festas para Vilalba?
Pois, en primeiro lugar, e por motivos obvios, creo que as festas de San Ramón e Santa María son unhas datas que están marcadas no calendario de todos os vilal-



beses e vilalbesas, son datas para reencontrarse con familia e amigos, e que marcan, para moitos, o fin da época estival. Ademais, son un importante revulsivo económico para a nosa vila, pois tanto a hostalaría como o noso comercio local ven notablemente incrementadas as súas vendas nestas datas, e iso é moi positivo.

A veciñanza está involucrada e participa?
Por suposto, as festas son para que toda a veciñanza as goce. Sen a participación e implicación da veciñanza non habería festas. Cada un dos veciños e das veciñas é

unha peza fundamental da engrenaxe das festas. Algúns teñen unha participación directa, na organización ou na programación, e outros participan como público, gozando dos actos que se organizan pero cada aplauso e cada sorriso fai que o traballo mereza a pena.

Pode facernos un balance desta lexislatura?
Pois mira, diría que foi un mandato de moito traballo, de botar moitas horas e de intentar facer render cada euro. Puxemos a mirada no que a xente precisa: na conciliación, na mellora dos servizos, tanto no casco urbano como no

Rúa da Pravia, 30 - 27800 Vilalba (Lugo) - Tel.: 608 450 390

Visítanos en

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS
INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 A5 PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

rural. Claro que quedan cousas por facer, pero estamos asentando as bases dun modelo de vila na que os veciños poidan vivir mellor.

En que eidos cre que se produciu un cambio máis notable?

Creo que o cambio máis grande foi na forma de pensar Vilalba. Cada obra, cada actividade, cada novo servizo non son pezas soltas senón que forman parte dunha idea común de pobo pensado para que as persoas queiran quedar a vivir aquí. Traballamos para que os servizos municipais funcionen mellor, que haxa mais dinamismo no rural e no casco urbano.

Que queda pendente de rematar este ano?

O máis inmediato é rematar as obras do punto de atención a infancia, para ter 20 novas prazas de atención educativa para nenos de 0 a 3 anos de cara o vindeiro curso, e dar así resposta ás necesidades das familias. Estamos tamén coas obras de renovación da aula de estudo na biblioteca e coa mellora da accesibilidade na Rúa Benxamín Paz. Tamén temos previsto acometer neste ano as obras de renovación da cuberta da Casa da Cultura, a repavimentación do acceso ao barrio da Fontiñas, o parque de Rosalía de Castro, a nova área de autocaravanas e estamos tamén traballando na mellora do saneamento e abastecemento de auga, algo moi necesario.

Supoño que a mira está xa posta na próxima lexislatura. Que grandes proxectos hai en marcha?

Pois enlazando coa pregunta anterior diría que o ciclo da auga ten que ser unha prioridade polo que implica, non só de mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas, senón tamén pola importancia que ten para as nosas

industrias. Temos que mellorar a captación actual pero tamén o saneamento e iso implica moitos recursos e tempo para poder resolver un problema que arrastramos de gobernos anteriores e que só cos fondos propios non podemos acometer. Necesitamos que outras administracións se impliquen, como Augas de Galicia, que lles cobra unha cantidade directa no recibo que pagan os nosos veciños e que debера regresar a Vilalba en forma de investimento. É certo que xa demos pasos importantes neste eido: co tanque de tormentas que permitiu deixar atrás as verteduras ao río, estamos agora co proxecto de instalación de filtros e decantadores na ETAP, cunha auditoría do abastecemento e temos en marcha tamén a mellora do saneamento en Plácido Peña.

Cales serán as seguintes zonas a actuar no proxecto de mellora e humanización?

Pois estamos precisamente cun proxecto de mellora da accesibilidade na Rúa Benxamín Paz, onde se van facer novas beirarrúas máis anchas, cambiar a iluminación a led, colocar bancos e poñer árbores. Os proxectos de humanización consisten, non só en amañar unha rúa, senón en facer espazos onde a veciñanza se sinta a gusto, máis seguros, con zonas verdes e de encontro.

Que plans hai a nivel industrial, concretamente no polígono?

O polígono é clave para Vilalba e non o podemos descoidar. Estamos colaborando estreitamente coa Asociación de Empresarios para coñecer as súas necesidades de primeira man e darlles unha resposta. Nestes momentos estase a traballar en dous proxectos de mellora das vías principais e a iluminación cun investimento total



de máis de 200.000 euros, ademais da necesaria ampliación do chan industrial. Este mandato, tamén nos adherimos á iniciativa “Doing Business” que incentiva fiscalmente a instalación de novas empresas e a ampliación das existentes. O obxectivo é claro: máis empresas, máis traballo, máis futuro.

Cales son as principais necesidades a día de hoxe para Vilalba?

Diría que necesitamos que a xente nova decida quedar ou vir vivir a Vilalba, facer aquí o seu proxecto de vida. Para iso temos que garantir servizos que faciliten a conciliación, vivenda accesible, oportunidades de traballo e un entorno atractivo que invite a quedar. Iso é pensar no futuro, e o futuro non chega só: hai que pelexalo día a día, e iso é o que facemos. Pero como lles pasa a moitos concellos, non podemos facelo sós. Temos unha rede viaria municipal moi extensa e con moitas necesidades, que precisa investimentos

constantes. Nestes meses tivemos o apoio dun equipo móbil da Deputación que levou a cabo a mellora de preto de 15 quilómetros de pistas nas parroquias do noso rural e agardamos poder seguir contando con ese reforzo no futuro novamente, pero non é suficiente. Hai dous proxectos que para min son irrenunciáveis: por un lado, o centro de día en Vilalba, que é unha demanda moi sentida polas familias e que só pode ser realidade se a Xunta se implica dunha vez. E por outro, rematar o PXOM e a ampliación do polígono industrial, porque sen solo e sen planificación non hai maneira de atraer empresas nin de crear emprego estable aquí. En resumo: Vilalba precisa servizos para as persoas, boas infraestruturas e proxectos de futuro. E mentres eu estea aquí, seguirei batallando por cada un deses pasos, porque sei que só así conseguiremos que Vilalba sexa un lugar de oportunidades para todos e todas.

Vilalba precisa servizos para as persoas, boas infraestruturas e proxectos de futuro

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES

TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS

TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS

JOHN DEERE eni
CEPSA BCS
PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.

TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS

Milwaukee
Nothing but HEAVY DUTY.

RYS SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

A XIRA

A cita da mocidade que arranca a programación

Unha noite de actuacións en directo abre a actividade musical no primeiro día das festas de San Ramón

As festas de Vilalba contarán coa Xira como a tradicional apertura de luxo, que estará dedicada a toda a veciñanza na fin de semana do 22 ao 24 de agosto e que terá o seu momento especial para os maiores o día 27. Este ano volverá ter tres días de duración durante toda a fin de semana na Madalena nun ambiente de festa rachada en



grupos de amigos e familiares nas tradicionais merendas. Sen dúbida trátase da antesala das festas patronais e unha das citas máis esperadas pola mocidade vilalbesa, xa que este é un dos colectivos que máis participa da celebración e á que se dedica a maior parte da programación. Despois da actuación inicial do venres, a Xira contará con novas actividades o sábado e o domingo. O 22 de agosto, a explanada da Madalena será o escenario do xa consolidado ‘Venres da Xira’, unha cita que abre o programa das festas de San Ramón e Santa María cunha noite de actuacións en directo protagonizadas por artistas vilalbeses e algúns convidados. A xornada comezará ás 21:00 horas con Decrux B2B Bristradd e o seu *chill house set*, para continuar ás 22:00 con El Chocoy e Jorgito + Talent. Ás 23:00 horas será a quenda de Cris V; ás 00:30 horas subirá ao escenario David García; e ás 2:00 horas volverán Decrux B2B Bristradd para

pechar a noite. Os impulsores desta proposta (Adrián Martínez, Brais Trinidad, Cristina Vázquez e David García) lembran que “logo de moitos anos xuntándonos un grupo de amigos nos casetos, facendo incluso un caseto exclusivo para o evento e falando coas cantinas para que nos proporcionasen os medios, o Venres da Xira estase a converter nun evento sólido. Foi medrando pouco a pouco e gañando aceptación nos últimos anos ata chegar ao que é hoxe: a apertura das festas patronais, reunindo, o ano pasado, ao redor dunhas 800 persoas na explanada da Madalena”. Nesta edición, o ‘Venres da Xira’ conta por primeira vez coa colaboración do Concello de Vilalba, algo que, en palabras dos organizadores, “supón un paso adiante no asentamento desta cita para que perdure no tempo, sen perder a nosa esencia: facer un evento do pobo para o pobo, onde non pechamos a porta a ninguén e mesmo traemos artistas convidados, como en anos

anteriores. Un evento que pon en valor o talento local e demostra que, con esforzo e paixón, pódese levar a música dende a túa habitación ata un escenario diante de centos de persoas”. A concelleira de Cultura, Mónica González, destacou a proposta como “un exemplo de dinamización cultural que nace da xente moza, que aposta polo talento local e pola diversidade musical, e que xa é unha cita imprescindible dentro das nosas festas patronais”. Os organizadores agradecen o respaldo do público, definindo o encontro como “un día único durante o ano para desfrutar dunha variedade musical que non abunda na oferta local. Grazas a toda a xente que nos apoia dende o primeiro día e a toda a que se vai sumando a esta iniciativa. Sen vós, isto non sería posible”. O 23 terá lugar tamén o partido do Vilalbés no Torneo President, que se enfrontará este ano ao Bergantiños, dando paso á animación musical que estará a cargo de Límite e Los Key, que serán





A Carballeira
PENSIÓN ALBERGUE

C/ Ciudad de Vivero, 34. 27800 Vilalba
Tlfno. 673731189
agonzalezvillares1974@gmail.com



os encargados de animar tanto a sesión vermú como a verbena, a primeira a partir das 13.30 horas e a segunda desde as 22.30. O domingo continuará a festa con grupo Da Silva, que actuará ás 13.30 para dar por rematada a Xira.

A XIRA DOS MAIORES

Uns días despois, o mércores 27 de agosto, será a quenda da tradicional Xira dos Maiores, tamén na explanada da Madalena, dentro das festas patronais de San Ramón e Santa María. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e a concelleira Paula Vigo presentaron unha programación que repite a fórmula do éxito doutros anos, mais reforzada polo impulso que tiveron durante 2025 os bailes mensuais organizados polo Concello. Dende xaneiro, estas citas viñeron reunindo a centos de veciños no Centro Cultural, demostrando que a música e o baile seguen a ser un dos mellores puntos de encontro para compartir tempo,

conversa e amizade.

“A Xira dos Maiores non será a primeira do ano, senón a continuación dunha dinámica que vimos cultivando mes a mes con gran éxito”, explicou a rexedora vilalbesa, subliñando que “estas actividades contribúen a que as nosas persoas maiores se sintan protagonistas, activas e con espazos propios para gozar e socializar”.

A xornada arrincará ás 12:30 coa misa cantada pola coral Luar, para logo dar paso á sesión vermú amenizada polo Dúo Venus. Como de costume, haberá xantar popular cun menú composto por xamón cocido, polbo, churrasco mixto, criollo, pan, bebida, café e sobremesa.

“Para participar no xantar popular é imprescindible inscribirse antes do 21 de agosto, ben presencialmente no punto de información da Casa do Concello, ben chamando ao 982.51.03.05”, lembrou a alcaldesa Marta Rouco. O prezo da comida é de 20 euros, unha achega simbólica dos asistentes, pois o Concello, a

través da Concellería de Servizos Sociais, tamén financia parte do custe “para que ninguén quede sen asistir por motivos económicos”.

A celebración pecharase cun gran baile tamén a cargo do Dúo Venus, “para despedir a xornada como máis nos gusta: bailando, rindo e compartindo un día inesquecible cos nosos veciños e veciñas”, destacou Rouco.

A combinación do Venres da Xira, protagonizado pola mocidade, e da Xira dos Maiores, centrada na tradición e na convivencia, converte as festas patronais de Vilalba nun reflexo do espírito comunitario do municipio: eventos diversos, para todas as idades, que fortalecen os lazos sociais e culturais da vila.

RESPONSABILIDADE

Para que todo transcorra con normalidade e sexa un éxito, o concello fai un chamamento a todos os veciños e veciñas para compaxinar a celebración co respecto á contorna natural e

XIRA DOS MAIORES

MÉRCORES 27 DE AGOSTO NA EXPLANADA DA MADALENA

12:30 MISA CANTADA POLA CORAL LUAR

SESIÓN VERMÚ AMENIZADA POLO DÚO VENUS

COMIDA: XAMÓN COCIDO, POLBO, CHURRASCO, CRIOLLO, BEBIDA, PAN, CAFÉ E POSTRE (20 EUROS)

BAILE AMENIZADO POLO DÚO VENUS

IMPRESINDIBLE ANOTARSE

ATA O 21 DE AGOSTO PRESENCIALMENTE NO CONCELLO OU NO TELÉFONO 982.51.03.05. INDICAR SE QUEREN SENTARSE XUNTOS.

ao medio ambiente, prestando especial atención e consideración naquelas zonas ou terreos de propiedade privada.

Este sería o caso da maior parte dos terreos situados no monte da xira, onde se desenvolverá con normalidade tal e como se viña facendo anteriormente, pero incidindo na necesidade de evitar prácticas que podan ocasionar danos á natureza, así como pedindo a limpeza posterior e adecuada xestión dos residuos, tanto nas zonas públicas como privadas, tendo en conta que estas últimas son cedidas polas persoas propietarias dos terreos para esta celebración. Ademais, lembran a importancia de deixar os accesos libres e poñer as merendas dun xeito ordenado que permita a convivencia de todos os grupos.

A partir das 21:00 horas, actuarán Decrux B2B Bristradd, El Chocloy e Jorgito + Talent; Cris V e David García

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en

Loterías Alcázar

Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!

GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018

TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

ZAFIRO TOURS VILALBA

VIAJAR ES AÑADIR vida A LA VIDA

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

INFANTIL

Dous días de actividades para a cativada vilalbesa

Entrepinares renova o convenio do ano pasado para seguir a financiar os xogos infantís

O Concello de Vilalba e o Grupo Entrepinares renovaron o seu acordo de colaboración para, un ano máis, levar a cabo diversas actividades lúdicas e recreativas dirixidas a nenos e nenas na capital chairrega. Así o confirmaron logo dunha xuntanza mantida entre a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, a concelleira de Infancia e Xuventude, Paula Vigo, o Conselleiro delegado de Entrepinares, José Manuel García Bejines e o director da fábrica en Vilalba, Javier Gato. A previsión é que este ano a praza da Constitución se encha de pequenos e non tan pequenos entre as 12.00 e as 14.00 horas, pola mañá, e de 16.00 a 20.00 horas polas tardes. Poderán desfrutar de shotter Gallery, Rokomonte, simuladores e Nerf Battle Arena, para rematar coa esperada festa da escuma. “Desde o Concello renovamos con ilusión este acordo que permitirá seguir ofrecendo actividades lúdicas e recreativas pensadas para os máis pequenos. Investir na infancia é investir no presente e o futuro do noso municipio, e esta colaboración faíno posible” afirmou agradecida a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco. O acordo de colaboración entre o



Concello de Vilalba e o Grupo Entrepinares seguirá a liña da pasada anualidade. A empresa vallisoletana patrocinará os días infantís das festas de San Ramón e Santa María, que se celebrarán os días 2 e 3 de setembro con inchables, simuladores, festa da espuma e o concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona, este último será o día 2 a partir das 20.00 horas. “Estamos agradecidos de poder estar aquí un ano máis para renovar o acordo de colaboración para o patrocinio das festas infantís de Vilalba. Para Queserías Entrepinares é un orgullo contribuír á sociedade, renovar este acordo e participar activamente co Concello na preparación das festas parécenos unha responsabilidade coa contorna no que estamos”, sinalou o Consellei-

ro delegado de Entrepinares, José Manuel García Bejines. Ademais, o Grupo Entrepinares tamén financiará as actividades incluídas na festa do Samaín: inchables, túnel do terror, filloeirás de Muimenta e concurso de cabazas. Así como múltiples propostas incluídas na programación de Nadal do Concello de Vilalba: as festas infantís nas parroquias e a visita de Papá Noel; que incluírán inchables, obradoiros, música e

doces, entre outras. A nosa aposta por Vilalba e en Galicia é clave e queremos seguir crescendo aquí. Para iso, necesitamos máis persoas para desenvolver os proxectos que veñen. Do mesmo xeito, a nosa intención segue sendo ter unha presenza activa na comunidade e coa sociedade vilalbesa e achegar entre outras cousas, con este acordo, que queremos que sexa a longo prazo”, concluíu García Bejines.



¡PREPÁRATE PARA DISFRUTAR DEL VERANO EN CASA!

constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



A ESMORGA

P R A V I XANELA



#y próximamente t vemos en MOMENTOS #

DÍA DA BICICLETA

Unha xornada de deporte e convivencia

Afeccionados reuniranse na praza da Constitución para percorrer a vila en dúas ou catro rodas sen motor

Vilalba quenta motores para as festas patronais de San Ramón e Santa María cunha das citas máis esperadas e consolidadas do verán: a Festa da Bicicleta, que este ano celebra a súa vixésima novena edición o venres 29 de agosto, xusto o día anterior ao pregón que dará inicio oficial ao programa festivo.

A Praza da Constitución será o punto de encontro para ciclistas e patinadores de todas as idades, que partirán ás 19:30 horas para percorrer as principais rúas da vila. A saída estará situada na rúa Basanta Silva, á altura do templete da música, e dende alí o pelotón avanzará cara á rúa da Pravia, Campo de Puente, rúa de Muras, rúa de Cospeito, avenida Terra Chá, Xosé María Chao Ledo, rúa de Galicia e Praza Suso Gayoso, antes de regresar á Praza da Constitución, onde estará situada a meta.

A organización entregará a cada participante un dorsal e un boleto numerado no momento da inscrición, que permitirá entrar no sorteo de diferentes agasallos ao rematar o percorrido. Entre os premios destacan unha bicicleta, unha televisión de 32

polgadas, un bono en prendas deportivas, un par de patíns, mochilas, un casco de ciclista e dous queixos de San Simón da Costa. Haberá tamén trofeo especial para o participante de maior idade.

Como cada ano, a Festa da Bicicleta mantén o seu carácter solidario baixo o lema "Somos un gran equipo! 1 bici = 1 kg. Colabora!", co que se anima á cidadanía a achegar alimentos non perecedeiros.

As inscricións poderán realizarse no Espazo Xove de Vilalba, na rúa Novo Cazón, dende o 22 ata o 29 de agosto en horario de 18:00 a 21:00 horas. Tamén se permitirá anotarse o mesmo día do evento ata dúas horas antes da saída. A participación é libre e sen límite de idade, aínda que a inscrición será obrigatoria para entrar no sorteo dos agasallos. Unha vez rematado o percorrido, a música tomará o relevo coa actuación do grupo Mario Colmán & The Clocks Band, prevista para as 21:30 horas no templete da Praza da Constitución. Esta banda emerxente do sur de Lugo chega a Vilalba con forza e ilusión, ofrecendo un directo



cheo de rock, emoción e temas propios que se combinan con versións míticas.

A organización da Festa da Bicicleta corre a cargo do Espazo Xove da Xunta de Galicia e conta coa colaboración do Concello de Vilalba, a Policía Municipal, Protección Civil, a Garda Civil, a Comisión de Festas e distintas entidades locais.

Deste xeito, a xornada do 29 de agosto converterase nunha celebración do deporte e da convivencia, que serve de antesala ao pregón e ao inicio oficial das festas grandes de Vilalba.

A organización lembra que como todos os anos, están invitados a participar non só as bicicletas se-

nón calquera tipo de transporte de dúas ou catro rodas impulsado polo ser humano, polo que caben no saco tamén patinetes e mesmo coches de bebés.

A organización espera que este ano a Festa da Bicicleta volva reunir, como nas edicións anteriores, xentes da vila e arredores de todas as idades e condicións nun ambiente saudable e no que se pon en valor o ambiente festivo antes que a competición. Se o tempo acompaña, a cita poderá reunir a centos de persoas, como sucedeu en anos precedentes.

O día chegará ao seu final, ás 22.00 horas coa actuación de A Banda da Loba.

Entre os premios destacan unha bicicleta, unha televisión, un bono en prendas deportivas, patíns, mochilas, un casco e dous queixos de San Simón da Costa

pintura de fachadas
interior
pladur

escayola
parquet
papel decorativo
etc

**PINTURAS
SAN ROQUE**

Nuestra tienda en Plaza de San Roque Nº 2 (Detrás de Gadis) - Vilalba
sanroque@pinturas-sanroque.com - Telf/Fax: 982 511 524 - www.pinturas-sanroque.com

RESTAURANTE
PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



Concello de Vilalba

VILALBA, UN CONCELLO QUE COIDA DA SÚA XENTE

Vilalba aposta por un modelo de vila que pon as persoas no centro, que dinamiza a vida social e económica e que mellora cada día os servizos públicos. Este 2025, con **un orzamento municipal de 13.366.085 €, un de cada tres euros** destínase a políticas sociais, ao tempo que se reforzan as actividades no rural e no casco urbano e se estrea un novo contrato de recollida de lixo e limpeza viaria que dá un salto adiante en calidade.

Servizos sociais: atención próxima, recursos reais

O **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)** é unha das grandes apostas de Vilalba. Con máis de 3,4 millóns de euros de investimento, 140 profesionais e arredor de 14.700 horas de atención ao mes, chega a máis de 310 veciños e veciñas que precisan apoio no seu día a día. Tal e como subliña a alcaldesa, Marta Rouco, "esta aposta polo SAF, que consideramos prioritaria, fai que Vilalba triplique o investimento por habitante das grandes cidades galegas neste eido".

A inclusión tamén é clave. O **Centro Ocupacional** conta con 75.000 € anuais para poñer en marcha programas formativos e iniciativas que favorecen a autonomía persoal e a igualdade de oportunidades das persoas con diversidade funcional. É un espazo que abre portas, crea vínculos e reforza a participación activa na comunidade.

E pensando na crianza e na conciliación, Vilalba incorpora un **novo servizo de Atención Temperá**. Máis de 30 nenos e nenas de 0 a 6 anos reciben xa apoio especializado na propia vila, sen ter que desprazarse a Lugo como ocorría antes. Detectar e intervir cedo é determinante, e facelo preto da casa ofrece tranquilidade ás familias e unha resposta profesional e próxima.

Dinamización social e económica: un rural vivo, unha vila con vida

A Alcaldía impulsou un calendario estable de **eventos e actividades mensuais** que lle dan pulso tanto ás parroquias como ao centro da vila, moitas veces coincidindo co **domingo de feira** para xerar ambiente, encontros e impacto positivo no comercio e na hostalaría.

No rural, o último programa municipal implicou máis de 250 persoas de 21 parroquias en propostas como **ximnasia de mantemento, manualidades, talleres de memoria ou formación en novas tecnoloxías**. O obxectivo é claro: manter un rural



vivo, con espazos para socializar, aprender e coidar a saúde física e mental, reforzando os lazos comunitarios.

No casco urbano, a Praza de Santa María converteuse nun escenario de encontro. En maio, a Feira de Artesanía estreou a dinamización dominical con máis dunha ducia de postos, aos que seguiron dúas edicións do mercado de segunda man Vintalba e a Feira Intercultural, todas con gran participación e afluencia de visitantes. Ademais, tras o éxito dos bailes do Nadal —que reuniron a máis de 100 persoas—, o Concello programou bailes mensuais no Centro Cultural: unha cita para conversar, rir, participar en sorteos... e, por suposto, bailar.

Servizos públicos: novo contrato de lixo e limpeza viaria

Desde o 1 de febreiro, Vilalba dispón dun novo contrato de recollida de residuos e limpeza viaria cun investimento anual superior a 1,5 millóns de euros. O servizo aumenta a frecuencia de recollida e limpeza tanto no centro como nas parroquias, incorpora máis de 300 papeleiras novas e organiza o traballo por brigadas específicas: unha para o casco urbano con lavado a presión e baldeos diarios, outra para a limpeza motorizada das zonas periféricas e do polígono industrial, unha brigada propia para as parroquias e un equipo polivalente para desbroce e limpeza da vexetación. Os ciclos de limpeza e desinfección dos contedores esténdense tamén ás parroquias, mellorando a hixiene en todo o termo municipal.

Renóvanse todos os contedores, a maquinaria e os vehículos, apostando por solucións máis eficientes e respectuosas co medio ambiente. E para facilitar as cousas no día a día, o Concello ofrece recollida gratuíta de enseres e voluminosos a domicilio todos os venres, evitando desprazamentos e puntos de vertido incontrolado.

"Falamos dun dos grandes contratos municipais, que garante un servizo de recollida e limpeza de calidade, eficiente e sostible, adaptado á realidade actual de Vilalba", destaca a alcaldesa, Marta Rouco.



A Alcaldía reuniuse parroquia por parroquia cos veciños



COLABORACIÓN

Vellas personaxes da Chaira

NOTAS VILALBESAS



Manuel Rivas

Xa son chegados os días das festas grandes da Chaira: O San Ramón.

Os que levamos tempo peiteando canas lembramos con certa nostalxia aqueles anos sesenta cando Vilalba era noticia e mesmo saía no telexornal nacional polos excepcionais festexos sanramonianos. Corrían os anos sesenta e inaugurábase a bombo e plato o Parador nacional dos Condes de Andrade. Grandes orquestras, cine, ballet ... Non faltaba nada que envenxarlle ás mesmas capitais de provincia. Pero eses tempos foron excepcionais e, como é lóxico, non podían durar sempre. Vilalba volvería á "normalidade", a unhas festas máis sinxelas, pero non menos entrañábeis e acolledoras para propios e achegados. Especialmente concorrida era a feira de San Ramón, que viña celebrándose o primeiro domingo de setembro se non caía en día un. Os postos estaban moi espallados polas rúas e prazas do centro. Lembro que por onde está a famosa pravia había postos de mazás, peras, pexegos, cirolas, etc. Miña avoa, a moi pícara, pedía a proba en distintos sitios e dábame tamén a min. Ao cabo terminaba engulindo e saboreando dúas ou tres pezas, que sabían a gloria e, como era neno, ninguén me negaba.

Na praza da Pravia tamén acostumaba a asentarse un afiadador ourensán, o "Manoliño" que botaba alí o día pedaleando para mover a moa que afiaba coiteiros, tesoiras, fouciñas e fouciños. Tiña unha cara redonda, ben curtida polo sol e uns ollos

saltóns, coma os personaxes que inmortalizou o gran Castelao.

Outro tipo de personaxe que recordo é "Dona María, a curandeira", que aparece citada en "Escola de menciñeiros" de Álvaro Cunqueiro. Lembro alí aquela muller xa maior tras un pequeno posto tratando de curar as doenzas da xente que alí acudía buscando remedio aos seus males. Tras escoitalos, botaba man dalgún remedio caseiro que gardaba na colección de frascos pequenos que agochaba e que eran froito da recollida de herbas e plantas medicinais sobre as que se informaba nalgúns libros e cas que ía elaborando o remedio. A súa limitada ciencia e a fe dos concorrentes lograban a curación de pequenas doenzas. Pero ademais disto tamén tiña unha extraordinaria vea poética. Nunha ocasión tiveron a oportunidade de ollar por riba un caderno con algunhas poesías feitas por ela e quedei sorprendido. A boa da curandeira desapareceu do espazo público e morreu pouco despois.

Na feira do San Ramón tamén me presentara meu pai un home que me impactou moito. Non lembro o nome nin o lugar preciso de onde era. Creo que vivía nos límites entre dúas parroquias, pero non sabería localizalo. Fisicamente era un chisco máis alto que a media, serio, con pelo negro e grandes entrantes na fronte e vestía cores escuras. Eu aínda era moi novo e dobrábame en altura. Tiña que mirar para arriba para falar con el. Tiña sona de traballador honrado e solidario cos demais da contorna.

Teño que confesar que a primeira vez que o vin de preto e falei con el, produciume certo arrepiño porque eu xa era coñecedor das súas "particulares visións". Era moi sociable. Ía de cando en vez á taberna a tirar a partida



cos amigos e beber un grolo de viño. E ata aquí todo era rutineiro agás unha rara "calidade" que consistía en ver o que o resto non vía, tanto en pleno día, como de noite. Segundo dicían, non presumía nada diso; pola contra, era moi reservado e había que tirarlle moito da lingua para que desvelase os segredos. Era capaz de ver enterros de veciños da parroquia cunha antelación de meses e mesmo de un ano ou algo máis antes de que realmente ocorrese. Ten apartado aos acompañantes fora do camiño para que deixasen pasar o enterro. Algún que non fixo caso, levou unha desagradable sorpresa. Como coñecía o defunto? Entón o cadaleito levábase en ombros durante todo o traxecto da casa á Igrexa por familiares e amigos. Nos cruces de camiños, o cura, que ía detrás, rezaba un responso polo defunto e pronunciaba o seu nome. Iso permitíalle saber de quen se trataba.

Certa vez deu cun crego escéptico da Chaira que estaba de pro-

fesor en Mondoñedo e riu das súas "visións". Apostaron unha cantidade importante de diñeiro. Antes dun ano, o dito reverendo acudiría a un enterro á parroquia. De non vir, sería el quen perdese a aposta. Aínda non pasara o ano cando a irmá do cura tivo un parto complicado no que morrera o acabado de nacer. Hábíale darlle sepultura na súa caixiña branca. A onde acoden? Tiñan panteón na parroquia do visionario. Era o mediodía e xa remataran o enterro. Por alí pasaba co gando que traía de pacer o citado home. Saudou e deulle o pésame ao cura e familia e logo, nun aparte, dirixiuse ao crego para lembrarlle que aínda faltaba mes e medio para cumprirse o prazo dado da aposta feita.

Eran outros tempos nos que aínda non estaba electrificado o rural e os camiños estaban case intransitables. Coa chegada da civilización, gañouse moito, pero tamén se perdeu a maxia e o misterio que envolvía a néboa do tempo. Era outro mundo.

"Coa chegada da civilización, gañouse moito, pero tamén se perdeu a maxia e o misterio que envolvía a néboa do tempo. Era outro mundo"



IESCHA

Colaboración cultural para todos os públicos

Dúas exposicións, unha proxección cinematográfica e un concerto conforman o programa do colectivo

Un ano máis, o Instituto de Estudos Chairegos (Iescha) suma a súa achega ao programa das Festas de San Ramón e Santa María de Vilalba, consolidando unha colaboración que se vén repetindo ao longo dos anos e que converte á entidade nun dos principais motores culturais da vila. A súa proposta abrangue exposicións, música e cinema, ofrecendo unha programación diversa que complementa o carácter festivo destas datas cunha forte vertente artística e

divulgativa.

A primeira cita foi o venres 1 de agosto, coa inauguración da exposición *Retrospectiva* de óleos de Pepe Lafuente, que se poderá visitar na Casa da Cultura ata o 3 de setembro. Ás 20:30 horas abriuse oficialmente ao público unha mostra que recolle a traxectoria e a evolución artística deste creador, ofrecendo unha oportunidade única de achegarse á súa obra pictórica. Xa a finais de mes, o xoves 28 de agosto, ás 20:00 horas, o

Auditorio Municipal acollerá a inauguración da exposición *Retrospectiva* de Pedro Cabarcos Quintela, unha cita que permitirá coñecer de preto a produción deste artista lucense. A mostra permanecerá aberta ata o 4 de outubro, prolongando así o espírito cultural das festas máis alá da semana grande.

Pedro Cabarcos Quintela naceu en Vilalba en 1955 e reside en Viveiro. Licenciado en Historia da Arte pola Complutense de Madrid e profesor de Debuxo de Ensino Secundario, leva varias décadas dedicado á docencia. O retrato constitúe unha das súas grandes paixóns, nas que continúa experimentando, influído pola súa formación académica en Historia da Arte, aínda que tamén traballa a paisaxe a *plein air*. A súa obra recibiu recoñecementos internacionais, entre os que destaca a selección do cadro *Ana* para a fase final do BP Portrait Award 2020 na National Portrait Gallery de Londres. En 2024 gañou o premio da Fondazione Amadeo Modigliani de Roma co cadro *Esperanza*.

MÚSICA E CINE

A música será protagonista o venres 29 de agosto cun dos concertos máis esperados: o de A Banda da Loba, que presentará o seu espectáculo *Lovismo* no Auditorio Municipal a partir das 22:00 horas. A formación, recoñecida polo seu estilo fresco e



reivindicativo, achegará a Vilalba unha proposta enérxica e cargada de emocións, que combina a forza da palabra coa calidade musical.

O ciclo pecharase o xoves 4 de setembro, tamén no Auditorio Municipal, cunha nova sesión do Ciclo Premios Mestre Mateo, que trae a proxección da comedia galega *+Cuñados*, de Luis Avilés. A cita será ás 20:00 horas e ofrecerá ao público unha das películas máis celebradas da produción audiovisual galega recente, cargada de humor e con grandes interpretacións. Con esta programación, o Iescha volve demostrar o seu compromiso co fomento da cultura en Vilalba, achegando actividades que abranguen distintas disciplinas e públicos. O argumento do filme comeza cun cadáver que aparece xusto no medio da

ponte internacional de Tui. Uns días antes...

Chegou o Entroido e a familia Ribeiro prepárase para desfrutar das festas favoritas de calquera bo ourensán. Pasaron dous anos desde a detención de Alicia Zamora e o seu socio portugués. Os cuñados montaron un posto de polbo en Ourense, a maneira perfecta para branquear os cartos do botín que lles caeu do ceo. Entre unha cousa e a outra, Modesto converteuse nun membro máis da familia. Un cuñado máis. A aparición en Ourense de Andreia Nunes (a parella do portugués) en busca de vinganza, complicará as cousas para os cuñados, meténdoo nun novo enredo que rematará cun cadáver no medio da ponte internacional de Tui. E que converterá este Entroido nun auténtico baile de máscaras.



herranz

odontólogos

ORTODONCIA GENERAL Y ESPECIALIZADA
DISEÑO DIGITAL DE SONRISA
ESCÁNER INTRAORAL
IMPLANTOLOGÍA CON CIRUGÍA GUIADA
PERIODONCIA
REGENERACIÓN ÓSEA
TERAPIAS CON LÁSER DIODO
BRUXISMO Y ATM

Alfredo Vicenti 2, 2C. 15004, A Coruña
Rosalia de Castro 4, bajo. 15320, As Pontes
www.herranzodontologos.com
981 255 874

h

Herranz Odontólogos

Clinica Dental

Ortodoncia niños y adultos

INVISALING®

invisalign

ēbos

PREPARADO DOCE

Rúa Campo de Ponte 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obreroiro Doce

DÍA DA PARROQUIA

San Xurxo de Rioaveso

A última xornada festiva estará dedicada a esta localidade, situada a sete quilómetros da capital

Como é habitual, nas Festas de San Ramón e Santa María de Vilalba, homenaxease o último día a unha parroquia do concello vilalbés. Este ano, é a quenda da localidade de San Xurxo de Rioaveso, a cal, o 7 de setembro, acollerá unha celebración que combinará sesión relixiosa, música e deportes para amenizar o día dedicado a ela.

A xornada dará comezo o domingo ás 11.45 cunha recepción ata a igrexa de Santa María co grupo tradicional Cena de Árbol e a Asociación Cultural Árdelle o Eixo como acompañamento. A continuación, terá lugar a misa solemne (12.00 horas), a cal estará cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa. En canto ás actuacións musicais, a orquestra Metrópoli será a protagonista da sesión vermú longa que haberá despois da misa e, un DJ encargarse de amenizar a tarde. A maiores, aproveitarase o día, para disputar un dos partidos de Liga do Vilalbés, que vén de iniciar a tempada. Este encontro enfrontará ao Rácing Club



Vilalbés e o Alondras no estadio da Madalena. San Xurxo de Rioaveso, a cal non se pode confundir con Santalla de Rioaveso, en Cospeito, é unha parroquia de Vilalba, a cal limita coas localidades de Oleiros, Sancovade, Goiriz e Román. Dista 7 quilómetros da capital da Terra Chá e ten unha superficie de 907 hectáreas, distribuídas entre os lugares de Cacheiros, As Campelas, A Fontevella, O Margazal, A Regueira, As Torrentas, Trasfallón, Vilaester e Vilamartín. Segundo o Instituto Galego de Estatística, en 2018 tiña 351 habitantes (171 homes e 180 mulleres) e en 2022 pasou a ter 332 habitantes (161 homes e 171 mulleres), repartidos en 19 entidades de poboación, o que supón unha diminución en relación a 1991 cando tiña 427 habitantes.

LUGARES DE INTERESE

Na parroquia, sitúanse restos dun altar dedicado a Mercurio e de establecementos rurais da época romana. Conta cunha igrexa parroquial, en advocación a San Xurxo, a cal ten unha historia que se remonta ao século XII. Aínda que a data exacta de construción é descoñecida, foi reconstruída e restaurada varias veces ao longo dos séculos debido a desastres natu-

rais e intervencións militares. A igrexa é un importante símbolo do patrimonio relixioso da zona e mestura elementos arquitectónicos de diferentes épocas, como o gótico, barroco e neoclásico. Preto da igrexa, no lateral da mesma, atópase o cemiterio, de principios de século, onde todos os panteóns agrúpanse ao redor dun muro, de estilo neogótico con pináculos labrados e finalizados por unha cruz. No lugar de Vilamartín, atopamos os restos dun pazo co mesmo nome, o Pazo de Vilamartín, un exemplar do tipo de arquitectura e patrimonio histórico galego. Trátase dunha casa construída polos Sanjurjo Montenegro, sendo o dono no ano 1688 Juan Antonio Pardo Montenegro. O edificio atópase nun recinto murado presidido polo escudo da liñaxe. Nesta parroquia existe unha canteira de granito no Monte da Escadabada e un xacemento de mica que foi explotado durante a Segunda Guerra Mundial. A maiores do San Ramón, Rioaveso conta coas súas propias festividades. Son polo mes de abril, na honra a San Xurxo e á Virxe das Dores. No programa deste ano, ademais dos actos litúrxicos, foron o grupo Eureka e o Combo Dominicano os encargados de amenizar o sábado e o grupo Fénix, o domingo.

Neumáticos VILLALBA

Hankook masters

VENTA Y REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS
ALINEADOS DE DIRECCIÓN
RECARGA AIRE ACONDICIONADO
CAMBIOS DE ACEITE Y FILTROS
DISCOS Y PASTILLAS DE FRENO
AMORTIGUADORES
RÓTULAS DE DIRECCIÓN
LLANTAS
BATERÍAS
ACCESORIOS

CREDIT

Financia tus compras sin intereses

DAMOS SERVICIO A LAS MEJORES COMPAÑÍAS DE RENTING

LUNES A VIERNES DE 9:30 A 20:00

Teléfono y Fax. - 982 51 11 28
Av. Galicia, 83 bajo - 27800 VILALBA (Lugo)

MÚSICA

Carlos Baute, actuación destacada do programa

O artista venezolano será cabeza de cartel xunto a outras citas musicais que xa son tradicionais

Como non pode ser doutra maneira, a música terá gran protagonismo nestas festas. O programa contará cunha gran variedade de estilos e artistas para que todos os veciños da localidade vilalbésa, tanto os máis pequenos como os maiores, poidan disfrutar e bailar ao ritmo do que máis lles gusta.

CARLOS BAUTE

A actuación musical estelar deste ano é a do cantante venezolano Carlos Baute, o cal deleitará aos

veciños do concello cos seus temas máis coñecidos e os que non o son tanto. O concerto, será o mércores 3 de setembro, no Campo da Feira ás 23.30 horas. Baute, naceu en Caracas en 1974 e xa desde rapaz expresou o seu gusto polo canto e a composición de cancións. Aos trece anos, formou parte do grupo musical Los Chamos, cos cales logrou gravar o disco *Con un pouco de amor*, que foi o seu primeiro proxecto musical. En 1994 publicou o seu primeiro

disco como solista, *Los Orígenes*, e en 2004 tivo o seu auge definitivo con *De Mi Puño Y Letra*, no que publicou o seu tema tan famoso aínda hoxe, *Colgando En Tus Manos*, con Marta Sánchez. Malia o éxito, seguiu activo na música todo este tempo, co lanzamento de traballos discográficos, colaboracións e a exploración de novos xéneros. O último proxecto musical de Carlos Baute é o seu álbum titulado *Del Caribe Soy*, anunciado en novembro de 2024. É unha viaxe ás súas raíces caribeñas e aos ritmos que marcaron o seu crecemento musical. Ademais, en abril de 2025, lanzou o seu novo sinxelo *Hay Fuegos*.

DJS LOCAIS

A tan aclamada sesión de Djs locais, que xa conta coa súa cuarta edición, será a que abra a programación festiva. Este ano, contarase coa presenza de David García, un dj versátil que, con moitas horas de traballo por riba, trata de que as súas sesións sexan únicas e especiais, encántalle que o público goce da ampla variedade musical, tanto con temas coñecidos como os non tan populares. Estará o dj e produtor musical nacido na parroquia vilalbésa de Insua, Decrux, así como a cospeitense Cris Vázquez e o vilalbés Brais Trinidad (Bris Tradd). Os catro encargaranse de facer bailar a toda a explanada da



Madalena o venres 22, a partir das 21.00 horas.

FESTIVAL DE BANDAS

Dentro das citas tradicionais, o sábado 6 de setembro, terá lugar o Festival de Bandas Pepe Guntín, no que volverán deleitar coa súa música a Banda de Música de Vilalba, nesta ocasión, xunto á Banda Cultural e Recreativa de As Pontes, unha agrupación musical da localidade veciña, que se dedica á música, ás actividades culturais e recreativas.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05

Unha aposta pola música galega

A programación musical festiva complétase con actuacións de diferentes grupos e orquestras de procedencia galega

Como a cousa vai de música e festa, é indispensable a presenza das mellores orquestras e grupos que conforman o panorama musical galego, así como os grupos de música tradicional galega máis populares.

ORQUESTRAS

Serán as orquestras Límite e Los Key os que darán comezo a esta sección musical. Encargaranse de amenizar a sesión vermú e a verbena do sábado 23, igual que o grupo Da Silva á sesión vermú do día seguinte.

Logo dun parón, o mércores 27, na Xira dos Nossos Maiores, a Coral Lúar cantará no oficio relixioso, para, posteriormente, dar paso aos protagonistas da sesión vermú previa ao xantar popular, o dúo Venus.

O domingo 31, o propio Día de San Ramón, a partir das 11.00 horas haberá pasarrúas a cargo da Asociación Cultural Mato Vizoso e da Asociación Cultural de Andrade. Será a Coral Lúar a que volva actuar na misa cantada, ás 12.00 horas.

A maiores, terá lugar unha sesión vermú e, pola noite, na praza da Constitución, a orquestra Triunfo amenizará a verbena xunto á xa recoñecida orquestra New York.

Finalizada a semana, e o mes, o luns 1 de setembro terá lugar o Día de Santa María e, nesta ocasión, os pasarrúas estarán amenizados pola Asociación Buxos Verdes da Chaira e pola Asociación Cultural entre Lusco e Fusco. O oficio relixioso será unha misa cantada pola Coral Polifónica Vilalbesa.

A orquestra Los Españoles, actuarán na sesión vermú das 14.00 horas e na verbena da noite, xunto a Panorama City, a cal comeza este ano coa súa xira como proposta paralela á icónica Orquestra Panorama, malia que mantendo a esencia que a converteu nunha referencia absoluta no sector.

Xa case rematando a festividade, o sábado 6, o pasarrúas estará a



cargo da asociación Cultural Mestura de Nete. La nave será a protagonista da sesión vermú, a cal terá dobre sesión na verbena da noite, xunto ao grupo Arizona. A formación Cerna de Árbol e a Asociación Cultural Árdelle o Eixo encargaranse da recepción do Día da Feira (domingo 7). A Coral Polifónica Vilalbesa cantará na misa das 12.00 horas e, tamén, a orquestra Metròpoli e un DJ porán fin ás Festas do San Ramón e Santa María na sesión vermú longa a partir das 14.00 horas e posterior tardeo.

CONCERTOS

A maiores do panorama musical co que se conta este ano nas festas de Vilalba, haberá actuacións musicais de grupos ou artistas que non deixarán indiferente a ninguén.

O día da Festa da Bicicleta, que será o venres 29, contarase coa actuación do grupo Mario Coloman & The Clocks Band, unha banda formada por seis talentosos rapaces de Quiroga e Ribas de Sil que chegan a Vilalba cun directo vibrante, cheo de rock, versións míticas e temas









POR CADA

10€

DE COMPRA

TE DESCOTAMOS

1€

EN TU

SIGUIENTE COMPRA

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus





orixinais que deixan pegadas. Actuarán no templete da praza da Constitución ás 21.30 horas e, ás 22.00 horas, será a quenda de A Banda da Loba, no Auditorio Municipal. É un grupo de música formado por cinco mulleres que uniron a súa traxectoria individual para un crear un novo proxecto baseado na mestura de pop, blues, folk, rock e sons tradicionais. O nome do grupo vén da lexendaria bandoleira galega do século XIX, Pepa A Loba. O día do pregón, que será ao día seguinte (sábado 30), haberá unha proliferación de actuacións musicais. En primeiro lugar, na gala do LI Certame Literario, actuarán a Banda de Música de Vilalba e a Minibanda, a Asociación Cultural en Movemento, Lambe Lambe e Shera&Sile, que estivo nas festas do ano pasado. A maiores, Xosé Lois Romero & Alibora cantará ás 22.00 horas na Praza de Santa María e, como remate do día, Marcos Peón, Dj Frisco e Dj Zalo actuarán na praza da Constitución. O Día de San Ramón (domingo 31), a Banda de Música de Vilalba, actuará na praza da Rúa da Pravia ás 20.00 horas. É unha

agrupación musical fundada en 1991 en Vilalba, cuxo principal obxectivo é a difusión e promoción da música de banda. Formouse a partir dunha escola de música creada en 1987 polo Concello de Vilalba. Entre as actuacións destacan as ofrecidas na Televisión de Galicia, Radio Galega e Televisión Española en Galicia así como as dúas gravacións editadas, unha no ano 1995 e a última no ano 2001 con motivo do X Aniversario desta Asociación. Uxía Lambona e a Banda Molona, os cales fan música en galego para cantar e bailar como "toliños" darán un concerto o 1º Día infantil na praza de Santa María, para animar aos máis pequenos da localidade e o xoves 4 de setembro, os grupos de música tradicional do concello animarán as rúas. Ás 21.00 horas, Noxo Me Das deleitará á xente cos seus cantos de taberna e ás 22.00 horas será a quenda de Orquestra Bravú Xangai, unha formación de integrantes de bandas creadoras do movemento bravú e proxectos posteriores, que xuntos conforman unha locomotora musical de vocación festiva imparabile.

OS GRUPOS TRADICIONAIS

ENTRE LUSCO E FUSCO

"Entre Lusco e Fusco" é un grupo centrado no baile, o canto e a música tradicional galega, que comezou o seu camiño no ano 1990. Ao longo destes máis de trinta anos de traxectoria, os membros da agrupación tiveron ocasión de participar en programas da Televisión de Galicia, realizar intercambios culturais tanto dentro como fóra de Galicia, e actuar en numerosas festas, eventos e celebracións na comarca da Terra Chá. Tamén teñen unha presenza constante na vida cultural da vila e das parroquias próximas. Na actualidade, a asociación está formada por arredor de 100 persoas de diferentes idades, organizadas nas distintas disciplinas que se imparten. Aínda que cada quen ten a súa personalidade, maneira de ser ou ideoloxía, todos comparten un obxectivo común: tocar, bailar e cantar. En definitiva, promover e transmitir a cultura tradicional galega dunha forma entretida e gozosa.

MATO VIZOSO

A Banda de Gaitas Mato Vizoso naceu no ano 1988 no seo da ANPA do colexio que leva o mesmo nome. O proxecto iniciouse cun grupo pequeno de seis nenos de entre 8 e 9 anos, acompañados do seu mestre Carlos A. Celeiro Arias Morón. Pouco a pouco, o grupo foi medrando e, a partir de 1992, comezaron as súas actuacións públicas fóra do ámbito escolar. Primeiro participaron en festas patronais e celebracións parroquiais, e máis tarde chegaron a diferentes vilas de toda a provincia. No ano 1993 constituíronse oficialmente como asociación, e dende aquela teñen participado en numerosos encontros, festivais e concertos por toda a Península Ibérica.

A.C. ANDRADE

A Asociación Cultural de Andrade xurdiu arredor do ano 1999/2000 cun grupo de pandereiteiras, formado tanto por nenas como por persoas adultas, que deron os seus primeiros pasos no canto e na percusión tradicional. Co paso do tempo foron ampliando a súa oferta, incorporando clases de baile tradicional, gaita, linguaxe musical e, máis recentemente, percusión brasileira e cantos de taberna. Na actualidade contan con máis de cen alumnos de distintas idades nas distintas actividades. Ademais, levan adiante unha proposta interesante de mestura de ritmos galegos con danza, co fin de achegar e amosar a riqueza da multiculturalidade a través da música e o baile.

MESTURA DE NETE

A Asociación Cultural Mestura de Nete constituíuse oficialmente en datas recentes co obxectivo de poder participar en programas como o Musiqueando da Deputación, ademais de tomar parte noutras actividades culturais como os cantos de taberna, procesións, festivais e demais celebracións. Porén, desde o ano 2015, a Asociación de Veciños de Nete xa viña organizando clases de música tradicional: pandeireta, baile, acordeón, gaita, percusión e canto tradicional. Cada ano foi aumentando o número de persoas participantes ata chegar a preto de 80 alumnos. Co tempo, consolidouse un grupo de canto que ensaia semanalmente e participa activamente en cantos de taberna e nos chamados serás culturais.

BUXOS VERDES

O grupo naceu no ano 2001 na vila de Vilalba e, na actualidade, conta con 25 membros de distintas

idades. Todos eles comparten a súa paixón pola música tradicional galega, que interpretan e gozan en foliadas, cantos de taberna e festas populares. O seu repertorio inclúe pezas moi coñecidas do folclore galego, como muiñeiras, xotas, rumbas e pasodobres, entre outros estilos. Tocar música tradicional é para eles unha maneira de celebrar, compartir e manter viva a nosa cultura.

CERNA DE ÁRBOL

O grupo musical xurdiu dentro da Asociación Cultural e Deportiva da parroquia de Árbol, en Vilalba. A súa orixe remóntase a un curso de música no que participaron varios veciños, e foi despois dun magosto celebrado no ano 2014 cando se decidiu crear esta formación dedicada á música tradicional galega. Na actualidade contan con arredor de 25 membros, dos cales 12 son nenos de entre 8 e 14 anos, con especial interese na percusión. Aínda que durante a pandemia perderon algúns integrantes, a chegada de novos membros ás familias dos participantes fixo que o grupo se renovase e continuase medrando. Cerna de Árbol participa en varias feiras organizadas polo Concello de Vilalba, como a Feira de Artesanía ou a Feira do Capón, ademais de nas festas parroquiais e noutras celebracións. Para as actuacións dispoñen de traxes tradicionais galegos, aínda que en encontros máis informais, como os cantos de taberna, adoitan vestir con roupa máis cómoda como polos.

ÁRDELLE O EIXO

De orixe vilalbés tamén é o grupo de música tradicional Árdelle o Eixo, creado na parroquia de Sancovade e que é un habitual das celebracións dentro e fóra do municipio.

Patatas Vilalba, S.L.

Tels.: 651 037 211
982 512 542
Polígono Industrial
27800 VILALBA (Lugo)

BARBERÍA

TEL.: 692 071 240
DIR.: RÚA DA PRAVIA 46 ENTRESUELO C,
VILALBA 27800 (LUGO)
'GALERIAS CAMBA'

DE JULIO

CONSIGUE LA CERTIFICACIÓN MÁS DEMANDADA POR LAS EMPRESAS DEL SECTOR DE LA ENERGÍA EÓLICA

GWO BST

TRABAJO EN ALTURA
EXTINCIÓN DE INCENDIOS
PRIMEROS AUXILIOS
MANIPULACIÓN DE CARGAS

Formación **NEWTON**

INFORMACION@NEWTONACADEMIA.ES
WWW.CURSOSGWO.COM

RUA MACIÑEIRA PARCELA 32, POLIGONO SETE
PONTES 27800 VILLALBA
TLF: 982 52 32 38

GWO

CERTIFIED TRAINING PROVIDER | 2021

DEPORTES

As competicións que forman parte do programa

Fútbol, tenis, atletismo e xadrez son as especialidades nas que haberá probas no San Ramón este ano

Dentro da programación das Festas de San Ramón e Santa María en Vilalba, destacan diversas actividades deportivas pensadas para que os veciños e veciñas poidan desfrutar dun xeito activo e entretido. Nesta edición, o fútbol, o atletismo, o tenis e o xadrez convértense nos grandes protagonistas do apartado deportivo.

TENIS

Como cada ano, o Club Tenis Vilalbés organiza un novo torneo, aberto a unha ampla variedade de categorías tanto para xogadores federados como non federados, na que é a trixésima segunda edición. A competición comezou o día 16 de agosto e prolongarase ata o

22 contando coas categorías de absoluto masculino e feminino federado; benxamín, alevín e infantil (masculino e feminino); +35 (masculino), +40 (feminino), +55 (masculino); absoluto non federado masculino e feminino; e dobres (masculino e feminino). Cada xogador puido inscribirse en como máximo dúas categorías, tendo a obriga de dobrar no día. O torneo repartirá un total de 1000 euros en premios para as categorías absolutas masculina e feminina federadas. Os campións recibirán o Trofeo Sargadelos valorado en 120 euros e os subcampións un trofeo da mesma marca. Ademais, nas categorías infantil, alevín, benxamín, +35, +55, +40 e dobres, entregarase trofeo ao campión e ao subcampión. O xuíz árbitro do torneo será Paulino Fernández Seoane, quen terá a potestade de resolver calquera cuestión relativa ao campionato, sendo as súas decisións inapelables. A organización do torneo será xestionada a través da plataforma



ma www.ibertenis.com, podendo tamén seguirse a través da web do club www.ctvilalbes.es. O torneo réxese polo regulamento da Real Federación Española de Tenis (RFET) e, para poder participar será obrigatorio estar en posesión da licenza federativa en vigor. Os partidos xogaranse nas tres pistas de tenis quick de 1 centímetro pulido do Club Tenis Vilalbés, con bolas Head e os encontros poderán disputarse con luz natural ou artificial. O cadro final nas categorías absolutas federadas será de 16 xogadores e, se non se alcanza este número, non se disputará a proba. Á fase final accederán os 10 mellores clasificados, 4 xogadores procedentes da fase previa e 2 invitados pola orga-

nización. Esta poderá aplicar W.O. unha vez transcorridos 15 minutos desde a hora de inicio marcada no calendario. As probas nas categorías absolutas federadas xogaranse ao mellor de tres sets, mentres que o resto de categorías farano ao mellor de tres sets con súper tie-break no terceiro. As categorías que non reúnan o mínimo de xogadores indicado non se celebrarán. O torneo conta co número de homologación 995.

XADREZ

Contarase, ademais, coas XXXI Simultáneas de Xadrez, unha actividade organizada polo Espazo Xove de Vilalba, a Xefatura Territorial da Consellería de Política

VII

NOCTURNA

6 SETEMBRO

SAN RAMÓN

Organizan

Clube Atletismo Vilalba

Clube Triatlón Vilalba

INSCRIPCIONES:

Championchipnorte.com

Ata o 3 de setembro

CATEGORÍAS:

Infantis a partir das 19:00

Pitufos (2020 e anteriores)

Sub 8 (2018-2019)

Sub 10 (2016-2017)

Sub 12 (2014-2015)

Sub 14 (2012-2013)

Sub 16 (2010-2011)

Absoluta a partir das 21:00 5K

Xuvenil (2007-2009)

Sénior (18 anos en diante)

Atletas vilalbeses

Andaina a partir das 21:00 3 K

Absoluta: 6 €

Andaina: 1 €

Infantis: gratuíta

TAHONA CURRÁS

VILALBA

-S.Roque 3- 982 510 062-

En San Ramón que non falte o Roscón

FELICES FESTAS

CAFÉ-BAR

TORRELAVEGA

DESDE 1964

Xa estamos

de volta

CARNICERÍA FREBAS

TFNO.: 982 510 392



Social e Xuventude e o Concello de Vilalba, para os máis pequenos da localidade, malia que as partidas estarán abertas á participación do público en xeral, sen límite de idade.

Terá lugar ás 18.00 horas na praza da Constitución e, se o tempo non o permitise, celebrarase no Espazo Xove.

FÚTBOL

O Vilalbés, aproveita para disputar a nova edición do Trofeo President, un torneo tradicionalmente estival que coincide coas patronais. Este ano, xogarase o sábado 23 de agosto, no estadio da Madalena.

O duelo será entre o equipo local, o Rácing Club Vilalbés e o Bergantiños, contrincante co que xa competiu o ano pasado. Tamén, o equipo xuvenil da localidade xogará o Trofeo Memorial Jorge Tato, un torneo na honra a un xogador xuvenil vilalbés que faleceu fai varios anos.

Este ano, a disputa terá lugar no Estadio da Roca, ás 18.00 horas e, malia que o equipo rival aínda está por decidir, o Rácing Club Vilalbés terá que loitar duro para levarse o triunfo. O día da parroquia, aproveitara-

se o final da sesión vermú longa e o tardeo co dj, para xogar un campionato de liga no Estadio da Madalena. O Rácing Club Vilalbés xogará novamente, nesta ocasión, contra o equipo de Cangas, o Alondras.

A maiores, este ano acollerase a primeira edición do Torneo 3x3, unha nova iniciativa deportiva que se celebra do 20 ao 22 de agosto na pista de 3x3 da área recreativa da Madalena.

A competición, destinada a persoas maiores de 16 anos, inclúe dúas categorías, mixta e feminina, co obxectivo de impulsar a práctica deportiva e promover espazos de encontro durante as festas patronais.

O torneo precisará un mínimo de 8 equipos por categoría para celebrarse, cun máximo de 16 inscitos, e incluírá unha fase previa de round robin e unha fase eliminatoria final. Haberá premios para os equipos campións, subcampións e terceiros clasificados en ambas categorías, co fin de recoñecer o esforzo e fomentar a participación.

CARREIRA

Como colofón das festas, terá lugar a Nocturna de San Ramón, que chega xa á súa sétima

edición, e que será este ano o 6 de setembro. Trátase dunha iniciativa organizada polo Club Atletismo Vilalba coa colaboración do Concello de Vilalba.

A proba terá chegada e saída á praza da Igrexa. As carreiras comezarán ás 19.00 horas coas diferentes categorías infantís e xuvenís.

A proba sénior, de cinco quilómetros dará comezo ás 21.00 horas e haberá tamén a esa hora unha andaina de tres quilómetros.

As inscricións están abertas ata o 3 de setembro e poden realizarse na web de Championship Norte. As persoas interesadas en participar na andaina poden facelo telematicamente ou presencialmente, o propio día da Nocturna de San Ramón desde as 17.00 ata as 20.00 horas na praza de Sta. María.

As inscricións teñen un prezo de 6 euros para a carreira absoluta e 1 euro para a andaina. Os atletas infantís non pagan. Haberá un trofeo e premio económico para os tres primeiros clasificados da absoluta e trofeos tamén para os tres primeiros das probas infantís a partir de sub 10.



Q. Ctra. San Juan de Alba, 32 - 27813 - Vilalba (Lugo) | T. 982 512 172 | E. ocascudo93@gmail.com




JRoca
INMOBILIARIA

ROCA & PRADO
ABOGADOS

Calle Santa Ana, Viveiro
 Casa/Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baños | 92m² **50.000 €**
 En Celeiro, Lugo, este encantador chalet adosado te ofrece la combinación perfecta de comodidad y cercanía a la playa. Con una estructura de dos plantas, además, podrás disfrutar de un patio privado de aproximadamente 20 m², ideal para relajarte al aire libre o compartir momentos inolvidables con amigos y familiares. No dejes pasar la oportunidad de vivir en una zona tranquila y a pocos pasos de la playa.

Calle Abadin, Vilalba
 Vivienda unifamiliar | 330 m² **305.000 €**
 Se vende vivienda unifamiliar, de unos 330 m², totalmente acondicionada, repartida en bajo y dos plantas. Dispone de garaje para tres vehículos y tiene un terreno a la espalda de 290 m². Ubicación céntrica, teniendo cerca todos los servicios, ambulatorio, guarderías, parques, farmacias.

Carrizo, Santaballa, Vilalba
 Terreno Urbano (solar) | 1.034 m² **22.000 €**
 Se vende parcela edificable de 1.034 metros cuadrados, para hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso, se encuentra cerca de la charca del Alligal, aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Ribadeo, Vilalba
 Casa/Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 184m² **118.000 €**
 En Vilalba (Lugo), en zona céntrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene placa y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.

Ronda de la Muralla, Lugo
 Local En venta | 96 m² **180.000 €**
 En Lugo, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados con altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso, con una superficie total en torno a los 100 m². Tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio.

Santa Cristina, Cospeito
 Finca rústica | 4 Dorm | 2 Baños | 168m² **50.000 €**
 En la localidad de Santa Cristina, municipio de Cospeito (Lugo), se vende casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 metros cuadrados cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuadras y en la parte izquierda tiene un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

Calle Cidade de Lugo, Villalba
 Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 105 m² **135.000 €**
 Se vende piso amueblado, con muy poco uso, de 3 dormitorios, cocina-salón, dos baños y terraza. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, una amplia plaza de garaje en el mismo edificio y un trastero.

Av. da Terra Cha, Villalba
 Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110 m² **80.000 €**
 Piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina amueblada. Dispone de calefacción de gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta.

Travesía Castros, Vilalba
 Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 132 m² **70.000 €**
 En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, piso segundo, sin ascensor, de tres dormitorios y sala, cocina, un baño y una amplia terraza cubierta. Además del piso, la propiedad también podría vender con el mismo, el bajo del edificio de unos 105 m².

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
 Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
 Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
 Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

COLABORACIÓN

40 anos da mostra de prensa mundial

DENDE O MEU OUTEIRO



Moncho Paz

Comezaba o verán de 1985 e o sol golpeaba con forza na Praza Maior de Lugo. Nas terrazas do cantón, Xosé apuraba un café con xeo, pois debía continuar a súa viaxe cara a Vilalba. Alí agardábano tres rapaces inquedados por examinar con emoción o contido das caixas que transportaba no maleteiro do seu carro. Eran os tempos de «Live Aid», o meirande concerto da historia, que soaba acotío nas radios do mundo. Xosé Sánchez Domínguez residía na Coruña, onde exercía como director de relacións externas de Grandes Almacenes Barros, empresa propiedade dunha coñecida familia de Sada afincada na cidade herculina. Á marxe da súa actividade profesional, Xosé cultivaba moitas afeccións. Entre elas, coleccionar publicacións de todo o planeta e de calquera época; a máis antiga que conservaba era de comezos do século XX, un exemplar de «La Voz de la Verdad», xornal de corte católico e antiliberal, editado precisamente en Lugo pola saga Sánchez Arrieta. A visita de Xosé mantiña en vilo aos tres rapaces: quen escribe estas liñas, o meu irmán Mario e o noso amigo Paulo. Xuntos tiveramos a orixinal idea de lanzar un xornal pola nosa conta

dous anos atrás, que demos a coñecer como «A Voz de Vilalba», seguramente polo paralelismo coa denominación de «La Voz de Galicia», porque un dos nosos soños daquela era converternos no futuro en redactores do diario de maior difusión. No noso caso, acadamos unha tiraxe de 500 exemplares e máis de 150 subscriptores. Coma moita xente, Xosé Sánchez coñeceunos por casualidade, coincidindo cunha parada “de paso” na Casa dos Marios, a medio camiño nun dos habituais traxectos que facía dende Ferrol á Coruña. Era unha ocasión moi especial, dado que as caixas que portaba estaban cheas de xornais e revistas, tanto do Estado español como do estranxeiro. Todos orixinais e con portadas históricas: a promulgación do Estatuto de Galicia en 1936 e o golpe de estado que provocou a Guerra Civil -con publicacións de ambos bandos-, a segunda guerra mundial, o magnicidio de JFK, a revolución cubana e o posterior asasinato do Ché Guevara en Bolivia, a revolta de París no 68, a morte de Franco, a aprobación da Constitución de 1978 ou a xornada do 23-F, eran algunhas das novas máis significativas que aparecían nas súas páxinas. Aquelas publicacións foron recibidas por nós como un auténtico tesouro. Xosé deixounos unha morea de caixas durante varios meses, tempo suficiente para que os editores de «A



Voz de Vilalba» organizáramos con éxito a «I Mostra de Prensa Mundial», que sería inaugurada oficialmente o 30 de agosto de 1985 polo entón presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, e polo alcalde da capital da Terra Chá, Xosé María García Leira, que asistiron ao evento acompañados por Manuel Fraga Iribarne. A iniciativa foi espallada por numerosos xornais e distintas emi-

soras de radio, nun verán no que precisamente comezaba a andaina da Televisión de Galicia. Lembro que asistimos en directo á primeira emisión, na tarde do 24 de xullo de 1985, cando pasabamos as horas xogando ao fútbol nas instalacións do Insua Bermúdez. Foi emocionante ver a primeira carta de axuste, que apareceu en pantalla ás 18:30 horas. Ao noso carón, o mestre Xosé González Barcia (don Che-

ma). Sendo voceiro do proxecto daquela mostra, fun entrevistado por históricos das ondas, como Pepe Tuñas Bouzón (1921-1987) en Radio Nacional de España, Luís Rial (1942-2024) na Radio Galega, e o vilalbés Xulio Xiz (1947-presente) en Radio Popular de Lugo. Para min foi unha oportunidade extraordinaria, conectoume directamente con prestixiosos profesionais dos medios e fixo posible que comezara a colaborar semanalmente en «El Progreso», cando me propuxeron como correspondente en Vilalba. Estes feitos contribuíron a consolidar a miña vocación xornalística e a encamiñar todos os meus esforzos para orientarme no oficio. O meu obxectivo estaba claro: ingresar na Facultade de Ciencias da Información en Madrid para licenciarme en xornalismo. Xosé Sánchez Domínguez finou na Coruña a comezos de 2006, uns meses antes de que saíra á rúa a edición facsimilar de «A Voz de Vilalba», unha iniciativa promovida polo Instituto de Estudios Chairegos e outras entidades. Foi un home polifacético, escribía con certa frecuencia en «El Ideal Gallego» e incluso chegou a colaborar nas páxinas de «A Voz de Vilalba» cun artigo (“Doazón de sangue e solidariedade human”, incluído no número de xaneiro de 1986). Mantiven correspondencia e contacto puntual con el ata os seus derradeiros días.



¡Para todo lo que tu
automóvil necesita!





Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com



MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



CONCURSO LITERARIO

O acontecemento que dá inicio oficial ás festas

O autor gañador da edición número LI se dará a coñecer por parte do xurado o venres 22 de agosto

O Certame Literario de Vilalba botou a andar en 1975, recollendo o testemuño do antigo Certame Literario da Terra Chá

O vindeiro 30 de agosto, coincidindo co día grande das festas patronais de San Ramón e Santa María, Vilalba volverá converterse en capital da palabra coa celebración da gala do Certame Literario, que chega á súa 51 edición consolidado como un dos premios máis prestixiosos da poesía galega. O evento terá lugar no Auditorio Municipal, dentro do acto do pregón, e contará coa entrega dun galardón que, un ano máis, recoñecerá o mellor poemario inédito escrito en galego. O premio está dotado con 7.000 euros en metálico e coa publicación da obra gañadora, o que supón un dobre recoñecemento para o autor ou autora que resulte distinguido. O Certame Literario de Vilalba botou a andar en 1975, recollendo o testemuño do antigo Certame Literario da Terra Chá, promovido polos concellos da comarca. Dende aquela, e de xeito ininterrompido, Vilalba vén premiando a creación literaria en verso e en prosa, tanto de maiores como de rapaces, mantendo sempre un altísimo nivel de calidade e participación.



A primeira gañadora foi María Luisa Baamonde Campos, coa obra *Pícaro, picariño*. Dende entón, nomes de referencia da literatura galega como Helena Villar Janeiro, Darío Xohán Cabana, Xavier Alcalá ou Yolanda Castaño teñen recollido este premio, o que o sitúa como un dos máis destacados do panorama poético en Galicia. A especialización do certame na poesía en galego e a súa aposta pola publicación anual das obras premiadas fan deste concurso un punto de encontro para a cultura e para a sociedade vilalbesa. O respaldo institucional do Concello de Vilalba, que leva máis de medio século impulsando esta cita, reforza a importancia dunha tradición literaria que deu nomes fundamentais á literatura galega contemporánea. Por iso, o acto de entrega de



premios, no marco do pregón das festas, é considerado un dos acontecementos máis significativos do calendario cultural vilalbés. Aínda que o nome da persoa gañadora desta edición non se coñecerá ata poucos días antes da gala, o Certame Literario segue a cumprir co seu obxectivo: facer da poesía unha celebración compartida e proxectar a creación galega máis alá da Terra Chá.

EDICIÓN ANTERIOR

Andrea Fernández Maneiro foi a gañadora da 50 Edición do Certame Literario do Concello de Vilalba coa obra *Meridiano Orixe - A raposa que anda aos girlos*. Baixo a presidencia da Concelleira de Cultura Tamara Rodríguez e actuando como

secretaria a técnico de Cultura Sonia García Paredes, o xurado formárono a escritora vilalbesa Cecilia Fernández Santomé; Darío Villanueva, membro da Real Academia Española; Ramón Villares, catedrático de Historia; Xulio Xiz, xornalista; e Fidel Fernán, director do grupo de Radio Principal. Andrea Fernández Maneiro, nada en Carril-Vilagarcía de Arousa (10/2/64) é locutora de radio "de vocación e profesión". Traballou na Cadena Ser, na Radio Galega e varias municipais, mais agora só exerce moi de cando en vez e "padece do mono das ondas de xeito persistente", logo de máis de quince anos de deixalo. O seu hábitat natural é a poesía, en letra e imaxe aínda que ás veces déixase levar polo microrrelato.

NOVALUX
óptica & centro auditivo

**Deséxavos que pasedes
unhas boas festas!**

Vilalba 982 51 01 00 981 45 15 04 As Pontes

AS FESTAS DO ANO PASADO



A veciñanza participou activamente nas actividades que se convocaron no programa das festas do ano pasado



MILAR ALBOSAT
tu tienda de electrodomésticos

Avda. de Galicia, 42
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf.: 982 510 581
655 470 030
info@albosat.es
www.albosat.es

Servicio propio de reparación

Venta y reparación

LED 32" JVC LT-32VAH3305
HD • Smart TV • Android TV • Dolby Audio •

169€

469€

LAVADORA BALAY
3T5285
Display • Fin Diferido
Pausa + Carga
Tambor VarioSoft
Tiempo Restante

269€

FRIGORÍFICO EDESA
EFT1411WHC
Frigorífico: 163 L
Congelador: 41 L
Función Vacaciones
Superfrio/Supercongelación

155€

ESCOBA UFESA U5 DIGITAL
300 W • Depósito de polvo de 0,5 L • Autonomía 40 min. Carga 4 h

O gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf.: 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE

SESA

CENTRO OCUPACIONAL

25 anos de inclusión e integración en Vilalba

Os actos terán lugar o día 5 de setembro cunha proxección e a inauguración dunha mostra fotográfica

O Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá conmemora este 5 de setembro o seu 25 aniversario cun acto especial na Casa da Cultura de Vilalba, onde se proxectará un vídeo homenaxe e se inaugurará a exposición fotográfica *25 anos dando a cara pola inclusión*. Será unha xornada de celebración, pero tamén de recoñecemento a un cuarto de século de traballo a prol da igualdade de oportunidades e da integración das persoas con discapacidade intelectual. Esta actividade pon de relevo a vinculación que o centro ten coa vida social e cultural da vila. Os seus usuarios teñen elaborado moitos dos trofeos, así como decoracións e outras aportacións a festas e distintas celebracións da vila.

Ademais, como equipo Genuine do Vilalbés, recentemente participaron na primeira edición da Nosa Champions, que se celebrou precisamente en Vilalba. O centro, xestionado pola Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica de Vilalba Terra Chá, está emprazado nunha contorna privilexiada: rodeado da natureza

e, ao mesmo tempo, no corazón do tecido empresarial da vila. Alí desenvolve unha intensa actividade dirixida a persoas adultas con discapacidade, ás que se lles ofrece atención integral, apoio persoal e formación adaptada ás súas necesidades. Desde os seus inicios, a filosofía do centro baseouse nun modelo de atención centrado na persoa, co obxectivo de favorecer a autonomía, mellorar a autoestima e potenciar a participación comunitaria. Os programas buscan tanto a habilitación ocupacional como o axuste persoal e social, contribuíndo á inclusión plena dos usuarios.

O centro ofrece servizos básicos como transporte e comedor, adaptados ás circunstancias de cada persoa e das súas familias. O servizo de transporte resulta fundamental nunha comarca dispersa e cunha poboación envellecida, xa que garante que cada usuario poida ser recollido no seu domicilio. Pola súa parte, o comedor presta unha atención personalizada, con menús adaptados ás necesidades nutricionais e ás distintas etapas



da vida, desde o envellecemento ata a aparición de enfermidades crónicas ou temporais.

FORMACIÓN E OBRADOIROS

Un dos piares do centro é a formación, que combina actividades de autonomía persoal con programas ocupacionais e prelaborais. O obxectivo é capacitar aos usuarios para que poidan desenvolver habilidades útiles tanto na vida diaria como nun eventual posto de traballo. A columna vertebral deste labor son os obradoiros, auténticos espazos de aprendizaxe e creatividade que definen a identidade do centro. Actualmente funcionan catro: serigrafía, carpintaría, xardinaría e un obradoiro creativo. No de serigrafía elabóranse artesanalmente bolsas, camisetas, sudadeiras ou mandís, mentres que no de carpintaría prodúcense pezas

de madeira que despois se complementan coa serigrafía. O obradoiro de xardinaría céntrase na plantación, coidado e conservación en invernadoiros e na atención de zonas verdes do concello. Pola súa parte, o obradoiro creativo dá vida a produtos únicos elaborados con materiais diversos, todos eles cun selo propio que reflicte a sensibilidade e identidade da



entidade.

Paralelamente á formación, o centro traballa na área de apoio persoal e social, coa finalidade de mellorar a relación dos usuarios co seu entorno físico e social. Desenvólvense programas que abranguen desde a reeducación lingüística e a estimulación cognitiva ata o acceso ás novas tecnoloxías, actividades culturais, deportivas e de ocio, habilidades sociais, académicas e da vida diaria.

COMPROMISO

No seu 25 aniversario, o Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá reafirmase como referente na comarca. Ao longo destes anos consolidouse como un proxecto vivo, que se adapta ás necesidades cambiantes das persoas e das súas familias, sempre coa mesma misión: dar oportunidades, abrir camiños e construír unha sociedade máis inclusiva. O vídeo homenaxe e a exposición fotográfica que se inauguran este 5 de setembro son, en realidade, un espello deste camiño percorrido, das historias compartidas e das metas acadadas. Unha celebración que é tamén un recordatorio: detrás de cada actividade, de cada obradoiro e de cada programa, hai persoas que loitan día a día por unha vida plena e con dereito a participar na comunidade en igualdade.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCHILLAS MAÍZ MODELO CORISTANCO



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

CAMIÑA POR VILALBA

Cinco rutas alternativas para coñecer a vila

Unha alternativa para complementar as festas é un percorrido pola capital e pola contorna vilalbesa

Co motivo das festas, é un bo momento para descubrir Vilalba e adentrarse no seu entorno para coñecer os seus mellores segredos. Entre as súas marabillas, destaca o centro histórico de Vilalba, un pequeno casco antigo situado no corazón da cidade. O percorrido polas súas rúas comeza na Praza de Suso Gayoso, presidida por A Pravia, un arce centenario que recibe aos visitantes.

Nesta praza atópanse tamén a Fonte da Carretera, moi apreciada polos veciños, e a Casa da Cultura, un antigo edificio do Concello onde se localiza a oficina de turismo.

Moi preto, álzase a antiga Torre da Homenaxe do castelo dos Andrade, construída no século XIII e reconstruída en varias ocasións tras as revoltas irmandiñas no século XIV. De planta octogonal e 40 metros de altura, divídese en catro andares, está coroada con ameas e conta con varias fendas de frecha, unha porta de arco no segundo andar e un gran xabaril de pedra na parte superior, sím-

bolo da familia Andrade. Actualmente, a torre alberga un Parador Nacional de Turismo.

Non moi lonxe, atópase a Porta da Cima, onde antigamente estaba unha das entradas á muralla. Desde alí, pódese continuar ata a Praza de Santa María, onde se ergue a igrexa parroquial dedicada á Nosa Señora.

O percorrido segue pola rúa Sol, onde se conservan as casas máis antigas da vila, con características fachadas de estilo Villegas, e remata nos restos arqueolóxicos da antiga muralla.

Outros puntos de interese que completan a visita ao centro histórico son a Praza da Constitución, o entorno do Auditorio e a Capela de San Roque.

PASEO FLUVIAL

Para as persoas que lles gusten máis as rutas entre a natureza, o Paseo fluvial e literario de Vilalba é unha opción do máis recomendable. Trátase dunha ruta de tres quilómetros á beira do río Madalena, un espazo onde se mesturan natureza e arte. Este río, que nace na serra da Carba e é afluente do Ladra, percorre o noroeste da Terra Chá e forma parte dun entorno natural moi apreciado polos veciños.

A dificultade desta ruta é baixa, para realizar en menos dunha hora, e aínda que conta cun lixeiro ascenso está perfectamente acondicionado e pavimentado. Ademais durante os tres quilómetros de percorrido atoparemos bancos para poder descansar e tamén zonas con mesas onde poder parar a comer.

Este paseo fluvial garda un excepcional percorrido que mistura natureza e arte ao longo de tres quilómetros de lonxitude. Un traxecto, accesible exclusivamente a pé, que conforma unha mistura única da paisaxe e literatura. O Paseo do Soños, enmarcado dentro deste camiño fluvial é un percorrido literario composto por diferentes esculturas en homenaxe a escritores e artistas ilustres da zona.



O percorrido da comezo nas inmediacións do Muíño do Rañego, unha construción froito da tradición agrícola e do cultivo de cereais en especial, que estivo en funcionamento ata os anos sesenta, para caer en deterioro e despois ser rehabilitado no ano 2002.

Neste comezo xa podemos atopar a primeira das esculturas, destinada a Paco Martín, autor da obra As cousas de Ramón Lamote e que da comezo ao Paseo dos Soños. Cada ano o Concello en colaboración coa Asociación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María colocan unha escultura dedicada a algunha figura ilustre situadas a cen metros de distancia entre elas, de aí o nome de hectómetros literarios.

O camiño continua preto do río, que cruzaremos en varias ocasións por diferentes pontes de madeira e por onde poderemos ir descubriendo as variadas esculturas do roteiro literario. Durante o traxecto observaremos tamén pequenas presas e muíños e chegaremos a unha pequena illa, que nos permitirá contemplar diferentes especies de árbores e vexetación. Xa preto do final atopamos a Área Recreativa da Madalena, un espazo único en Vilalba que destaca pola súa praia fluvial con zona axardinada nun entorno cheo de vexetación autóctona, ideal para disfrutar en familia nos días de verán. A Área Recreativa da Madalena conta ademais cun espazo dedicado exclusivamente aos máis pequenos e tamén con áreas





XISTER
Enxeñaría Rural

982 51 20 88
689 00 70 41
Rúa Guitiriz, 8 baixo
27800 Vilalba (Lugo)
wxister.es

A CONFIANZA



PASTELERÍA
ARTESANA

a! ARTESANÍA ALIMENTARIA

www.pasteleriaaconfianza.com

f i



Plácido Peña, 27
Teléfono 982 51 17 34
27800 VILLALBA (Lugo)



deportivas e unha pista de skate. Apenas queda un quilómetro para chegar ao final onde estará a Ponte dos Freires que marca o último punto deste paseo fluvial e o inicio da zona urbana da capital chairega.

CAMIÑO DE SANTIAGO

Unha das curiosidades da localidade vilalbesa é que forma parte do Camiño de Santiago, máis concretamente do Camiño do Norte. O seu termo municipal é atravesado por dúas etapas: a primeira, entre Abadín e Vilalba, e a segunda, desde a capital chairega ata Baamonde. Trátase dun tramo de gran beleza paisaxística e cun importante valor patrimonial. A primeira etapa comeza saíndo de Abadín por unha pista en descenso, entre paisaxes de cultivos, pastos e formacións autóctonas de carballos e bidueiros. A ruta entra no concello de Vilalba pola parroquia de Corbelle e continúa ata Martiñán, onde os camiñantes cruzan a N-634 e chegan á Pontevella de Martiñán, unha ponte do século XVII cun deseño singular, con tres arcos desiguais e unha

calzada de laxas de granito. Despois, o camiño leva á parroquia de Goiriz, onde se poden visitar a Capela de Fátima e un antigo cruceiro. Xunto á estrada, atópase a igrexa parroquial, construída no século XVI e cun cemiterio neogótico singular feito por canteiros locais. A igrexa foi usada antigamente como refuxio para aqueles que fuxían da xustiza. A etapa finaliza no albergue de peregrinos do Xacobeo, situado á entrada de Vilalba, preto do polígono industrial. A segunda etapa comeza xa no centro histórico da vila, pola rúa Porta da Cima, antiga entrada á muralla medieval. Esta rúa está adornada con fragmentos literarios de autores da comarca e leva ata a praza de Santa María, onde se atopa a igrexa parroquial. Moi preto está a Torre dos Andrade, do século XV, actual Parador Nacional de Turismo, e a Casa da Cultura, que alberga a oficina municipal de turismo. O camiño continúa pola rúa Sol, onde se conservan restos da muralla, e sae do centro urbano pasando por lugares naturais como a Ponte dos Pasos (sobre o

río Magdalena) e Ponte Rodríguez (sobre o río Trimaz). Máis adiante, chega á parroquia de Alba, onde se pode visitar a igrexa parroquial (reformada no século XVIII) e o seu cemiterio neogótico. O percorrido segue ata a parroquia de Insua, desde onde o Camiño cruza o río Labrada pola Ponte de Saa. Pouco despois, os peregrinos abandonan terras vilalbesas para entrar en Guitiriz, coa etapa finalizando no albergue de Baamonde.

MONSEIVANE

Para os que queiran coñecer a contorna vilalbesa, está a ruta polos montes das parroquias de San Simón e Vilapedre, con visita ás queixerías artesanais do queixo DOP San Simón da Costa e con excelentes vistas da comarca desde o monte Monseivane. Comeza na parroquia de San Martiño de Lanzós, situada a cinco quilómetros de Vilalba, onde des-

tacan a Escola Habaneira, a igrexa parroquial e o cemiterio neogótico. Desde alí, tómase a estrada que leva a San Simón, pasando pola capela de San Andrés, e onde é posible visitar varias queixerías artesanais do prestixioso queixo con denominación de orixe protexida San Simón da Costa. A ruta continúa polos parques eólicos da parroquia de Vilapedre, na Serra da Carba, e segue cara ao lugar do Valado, onde se atopa a igrexa parroquial de San Simón da Costa, acompañada do seu cemiterio neogótico, varios cruceiros e outra Escola Habaneira, tamén de principios do século XX. A uns tres quilómetros, atópase a capela de San Xián, na parroquia de Samarugo, onde se recomenda facer un pequeno desvío para visitar a igrexa parroquial, o cemiterio e o pazo de Samarugo, de orixe medieval. Retomando o camiño, a uns oitocentos metros, está o lugar de Campomaior, con maior densidade de edificacións que os habituais núcleos de montaña da zona. Desde alí accédese a Cornas, punto onde se deixa o vehículo e comeza a pé a ascensión ao monte

Monseivane, que alcanza os 929 metros sobre o nivel do mar e ofrece espectaculares vistas panorámicas da comarca chairega.

ruta ARQUEOLÓXICA

Paralelamente, o Concello de Vilalba conta cunha ruta arqueolóxica promovida polo Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (MUPAV), que conecta algúns dos principais restos arqueolóxicos do municipio. A ruta pode realizarse en medio día, está pensada para facerse en coche e inclúe lugares de gran valor histórico como o refuxio paleolítico da Pena Grande, a Medoña de Estelo, o menhir Pedra Chantada, os castros de Codesido e Gondaísque, e a necrópole neolítica da Roza das Modias. Este percorrido ofrece unha completa inmersión no pasado prehistórico da zona e, aínda que é accesible para a maioría das persoas, conta con tramos de pista sen asfaltar que poden presentar dificultades en días de choiva ou mal estado. Nesas casos, recoméndase acceder aos puntos principais camiñando e con precaución.



Rúa Benxamin Paz,
25 Baixo - Vilalba
Tfnos.: 982 878 573
697 294 123

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA
NUESTRA CARTA
BACIONES
REVUELTOS
ALCO PICA
HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERDAD
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
RAXO PATATAS
SABOREAR
TORTILLAS
COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

CITA DOMINICAL

Gran éxito dos bailes mensuais de Vilalba

Música, sorteos e convivencia dende xaneiro

O que comezou como unha proba no Nadal de 2024 converteuse nunha cita fixa na axenda cultural de Vilalba. Aquele primeiro baile, celebrado no Centro Cultural, reuniu a máis dun centenar de persoas e deixou claro que a veciñanza tiña ganas de repetilo. A alcaldesa e concelleira de Servizos Sociais, Marta Rouco, colleu o compromiso: organizar un baile mensual para dinamizar a vida social do municipio, especialmente entre a veciñanza máis maior. Dende xaneiro de 2025, un domingo ao mes, o Centro Cultural de Vilalba échese de música, baile e bo ambiente. “Cremos que este tipo de eventos son fundamentais para darlle ás persoas máis maiores unha oportunidade de socializar, pasar unha tarde divertida e manterse

activos”, explicaba a rexedora na presentación da primeira edición. Mais a convocatoria non se limita a un só público: quen non se anima a bailar pode participar en xogos de mesa, conversar cos veciños ou simplemente gozar do ambiente. “Queremos que sexa unha actividade aberta a todos, sen excepcións”, insistiu Rouco. Un dos grandes atractivos destes bailes é a música en directo. En cada cita, un grupo ou dúo musical diferente encárgase de poñer ritmo á tarde. O ciclo comezou en xaneiro co dúo Estrellas, e mes tras mes os asistentes disfrutan de repertorios variados que van dende os clásicos de verbena ata cancións populares que invitan a saír á pista. Esta diversidade musical busca dar cabida a todos os gustos e



facen que cada edición teña algo distinto e especial. Ademais do baile, o Concello introduce outro aliciente: os sorteos. En cada cita repártense produtos diferentes —dende lotes de gastronomía local ata pequenos detalles de lembranza—, o que contribúe a manter

a expectación e a participación activa do público. Co paso dos meses, a iniciativa consolidouse como un espazo de encontro interxeracional que reforza os lazos comunitarios e ofrece unha alternativa de lecer saudable. O Centro Cultural convértese así unha vez ao mes

no punto de referencia da vida social vilalbesa. A aposta do Concello pola continuidade destes bailes demostra que as tradicións tamén poden reinventarse, adaptarse aos tempos e servir como ferramenta para dinamizar un municipio e facer comunidade.



EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

- CUALE Inglés
- Bacharelato Semipresencial
- Galego e Castelán para Inmigrantes
- Educación Secundaria Persoas Adultas

PRAZOS MATRICULACIÓN

- Ciclos Formativos: ata o 26 de setembro (prazos liberadas)
- Educación Secundaria Persoas Adultas M3: ata o 8 de setembro
- Bacharelato semipresencial: ata o 19 de setembro

BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

- Obtención do título de bacharelato
- Unha hora obrigatoria semanal por materia que se estea cursando
- Titorías semanais opcionais

EDUCACIÓN SECUNDARIA PERSOAS ADULTAS

- Obtención do título da ESO nun só ano académico
- Módulo 3. Primer cuadrimestre
- Módulo 4. Segundo cuadrimestre
- Posible acceso por proba de avaliación inicial



CICLOS FORMATIVOS

Grao Básico

- Informática de Oficina
- Mantemento de Vehículos

Grao Medio

- Electromecánica Vehículos Automóbiles
- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Instalacións Eléctricas e Automáticas
- Sistemas Microinformáticos e Redes

Grao Superior

- Administración Sistemas Informáticos e Redes
- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial



XUNTA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
El FSE invierte en tu futuro